



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Número 590  
15 de xaneiro de 2020

Fascículo 2



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de xaneiro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [10/PL-000021 (60034)] [195313](#)

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

#### ■ 61318 (10/POC-009777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Dirección da CRTVG das accións de cooperación audiovisual con outras canles de televisión [195325](#)

### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

#### ■ 61112 (10/POC-009674)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que ten pensado facer a Xunta de Galicia ao respecto da situación en que se encontra actualmente o edificio Teixugueiras 15-17 da cidade de Vigo [195327](#)

#### ■ 61114 (10/POC-009675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre que actuacións ten realizado a Xunta de Galicia coa empresa concesionaria do servizo de atención de chamadas de emerxencias sanitarias para que cumpra coas súas obrigas contractuais e garanta os dereitos do persoal, se ten realizado algunha xestión para a apertura dunha mesa de negociación que permita solucionar as cuestións laborais pendentes, se prevé o novo concurso para a adxudicación do servizo unha partida económica suficiente, así como se vai proceder ao rescate da externalización do servizo de coordinación do 061 [195329](#)



**I 61116 (10/POC-009676)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o tipo de cesión ou contrato que acreditaron as persoas solicitantes de axudas para a posta en marcha de casas do maior no concello da Nogais [195333](#)

**I 61117 (10/POC-009677)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta polo colectivo de mestres de Francés, así como se considera que o colectivo de mestres de Francés ten un tratamento distinto ao resto de especialidades [195335](#)

**I 61118 (10/POC-009678)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre que criterios se están a seguir por parte dos responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para designar a presidencia dos tribunais dos órganos de selección nos procesos de ingreso, acceso ou adquisición de novas especialidades nos corpos docentes [195337](#)

**I 61119 (10/POC-009679)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre se existe algunha planificación a curto e medio prazo das obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga por parte de Augas de Galicia, se considera que o capítulo VI dos orzamentos de Augas de Galicia está sobredotado, así como a valoración que fai de que a execución orzamentaria do capítulo VI dos anos 2016, 2017 e 2018 por parte de Augas de Galicia fose do 30,44 % [195339](#)

**I 61120 (10/POC-009680)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre se coñece a Xunta de Galicia os atrasos que se están a producir na tramitación da documentación necesaria cando se produce unha substitución dun vehículo afecto a unha licenza de taxi, se existe algún problema na plataforma informática, así como se ten feito algunha avaliación da implementación do procedemento coordinado de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia [195341](#)

**I 61121 (10/POC-009681)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre os criterios que está a empregar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para avaliar a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nos programas que desenvolve a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020, así como se responden os resultados ás expectativas dos programas [195343](#)



**I 61122 (10/POC-009682)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a valoración que fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do Informe do Defensor do Profesor 2018-2019 presentado pola organización sindical ANPE, se existen demandas de asistencia xurídica ao persoal docente relacionadas con casos de acoso, ameazas, insultos ou agresións por parte de pais e nais do alumnado, así como se considera necesaria algunha actuación que potencie o recoñecemento da profesión docente

[195346](#)**I 61123 (10/POC-009683)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre se considera necesario a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que as empresas participen na selección do profesorado dos centros educativo de formación profesional dual

[195348](#)**I 61124 (10/POC-009684)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a valoración dos indicadores do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos

[195350](#)**I 61125 (10/POC-009685)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre o motivo polo que non se fai pública a denominación dos módulos de FP que se imparten en lingua estranxeira nos centros autorizados como plurilingües, así como se se mantén o obxectivo de contar con 90 centros no cursos 2020

[195353](#)**I 61126 (10/POC-009686)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis**

Sobre a evolución da situación financeira das entidades de xestión de solo empresarial dependentes da Xunta de Galicia desde 2009

[195356](#)**I 61127 (10/POC-009687)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis**

Sobre os traballos que desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia

[195358](#)**I 61128 (10/POC-009688)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 6 máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás

[195359](#)

**I 61129 (10/POC-009689)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis**

Sobre o investimento que prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, no marco do programa Rexurbe [195361](#)

**I 61136 (10/POC-009690)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as accións do Goberno galego en relación co Goberno do Estado no relativo á política enerxética [195363](#)

**I 61139 (10/POC-009691)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as accións do Goberno galego ante a crise da industria auxiliar naval de Ferrol [195368](#)

**I 61141 (10/POC-009692)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina [195372](#)

**I 61145 (10/POC-009693)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina [195376](#)

**I 61147 (10/POC-009694)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta do I e II Programa Galego Muller e Ciencia [195381](#)

**I 61150 (10/POC-009695)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a existencia de problemas de cobertura de baixas e ausencias no Centro de Saúde de Cuntis, así como as medidas que está previsto que se leven a cabo [195385](#)

**I 61152 (10/POC-009696)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 3 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación do presidente en función da Mancomunidade do Salnés, así como as medidas que se pensan tomar ao respecto [195387](#)

**I 61154 (10/POC-009697)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do informe de expertos *Por una atención primaria vertebradora do sistema de saúde sobre a política sanitaria* [195390](#)

**I 61156 (10/POC-009698)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental, así como das actuacións e compromisos previstos pola Xunta [195394](#)

**I 61158 (10/POC-009699)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paritorio nos hospitais comarcais [195397](#)

**I 61160 (10/POC-009700)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial no Centro de Saúde e PAC da Guarda, así como a valoración que fai a Xunta da situación actual [195399](#)

**I 61165 (10/POC-009701)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de prazas baleiras na residencia pública da Porta do Camiño en Santiago de Compostela [195402](#)

**I 61168 (10/POC-009702)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol [195406](#)

**I 61181 (10/POC-009704)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que cómpre tomar para reverter a situación de deterioración do sistema público de pensións [195410](#)

**I 61182 (10/POC-009705)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a relación económica de Galicia co Estado español, así como da reclamación da débeda [195413](#)

**I 61184 (10/POC-009706)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra [195416](#)



**I 61185 (10/POC-009707)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia a respecto do proxecto da Cidade Deportiva do Celta en Mos [195420](#)**I 61191 (10/POC-009708)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**Sobre as medidas do Goberno galego relativas ao desemprego e á precariedade laboral en Galicia [195426](#)**I 61193 (10/POC-009709)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**Sobre a recuperación das pías bautismais de San Xián de Moraime [195429](#)**I 61202 (10/POC-009710)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e 9 máis**Sobre as características da obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense, así como os servizos que se verán mellorados [195433](#)**I 61204 (10/POC-009711)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 10 máis**Sobre os avances e novidades no proxecto do Gran Montecelo en Pontevedra [195435](#)**I 61205 (10/POC-009712)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 10 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación á licitación da obra do Hospital Gran Montecelo e o comezo dela [195437](#)**I 61206 (10/POC-009713)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis**Sobre o traballo do Consello Técnico de Atención Primaria [195439](#)**I 61208 (10/POC-009714)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis**Sobre a valoración que fai a Consellería de Sanidade do funcionamento dos vehículos sanitarios con consultas de enfermaría e medicamento [195441](#)**I 61210 (10/POC-009715)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis**Sobre como se está a desenvolver o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio [195443](#)

**I 61212 (10/POC-009716)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre cal é o grao de desenvolvemento da Lei de garantía das persoas enfermas terminais

[195445](#)**I 61214 (10/POC-009717)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 9 máis

Sobre se o Goberno galego prevé actuacións de mellora no Hospital de Verín

[195447](#)**I 61216 (10/POC-009718)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o balance das medidas do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021

[195449](#)**I 61218 (10/POC-009719)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense en xaneiro de 2020

[195451](#)**I 61173 (10/POC-009720)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis

Sobre a creación dunha unidade de ictus no HULA, un servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas, así como do desenvolvemento do programa Código Ictus no conxunto de Galicia

[195455](#)**I 61224 (10/POC-009721)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración que fai a Consellería do Mar sobre os datos de venda e facturación das lonxas galegas en 2019

[195458](#)**1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 61131 (10/PRE-020070)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a necesidade de intervención da Xunta de Galicia para evitar impagamentos e perda de dereitos do Grupo Norte concesionaria da xestión do centro de chamadas do 061

[195461](#)**I 61142 (10/PRE-020071)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego ao respecto da situación da industria galega

[195465](#)



**I 61164 (10/PRE-020072)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**Sobre a existencia de prazas baleiras na residencia pública da Porta do Camiño en Santiago de Compostela [195468](#)**I 61167 (10/PRE-020073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**Sobre a situación do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol [195472](#)**I 61175 (10/PRE-020077)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis**Sobre a creación dunha unidade de ictus no HULA, un servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas, así como do desenvolvemento do programa Código Ictus no conxunto de Galicia [195476](#)**I 61178 (10/PRE-020078)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**Sobre as medidas que cómpre tomar para reverter a situación de deterioración do sistema público de pensións [195479](#)**I 61189 (10/PRE-020079)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**Sobre as medidas do Goberno galego relativas ao desemprego e á precariedade laboral en Galicia [195482](#)**I 61196 (10/PRE-020080)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**Sobre a recuperación das pías bautismais de San Xián de Moraime [195485](#)**I 61217 (10/PRE-020081)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**Sobre a organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense en xaneiro de 2020 [195489](#)**I 61220 (10/PRE-020082)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**Sobre a situación do transporte de viaxeiros por estrada na Terra Chá e as paradas en Vilalba, así como sobre o futuro da estación de autobuses da capital chairega [195493](#)

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do día 14 de xaneiro de 2020, polo que se acepta a renuncia de dona Beatriz Mato Otero como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia (10/RCDE-000024) [195322](#)

#### 2.2.5. Composición das comisións

■ Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 61522) [195496](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de xaneiro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [10/PL-000021 (60034)]**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 61226, o escrito do G. P. Mixto polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [10/PL-000021 (60034)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia [10/PL-000021 (60034)], ata o día 29 de xaneiro de 2020, ás 18:30 horas.

2º. Dar traslado deste acordo á Xunta de Portavoces.

3º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación**

- 61318 (10/POC-009777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Dirección da CRTVG das accións de cooperación audiovisual con outras canles de televisión

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG



**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 61112 (10/POC-009674)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que ten pensado facer a Xunta de Galicia ao respecto da situación en que se encontra actualmente o edificio Teixugueiras 15-17 da cidade de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61114 (10/POC-009675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre que actuacións ten realizado a Xunta de Galicia coa empresa concesionaria do servizo de atención de chamadas de emerxencias sanitarias para que cumpra coas súas obrigas contractuais e garanta os dereitos do persoal, se ten realizado algunha xestión para a apertura dunha mesa de negociación que permita solucionar as cuestións laborais pendentes, se prevé o novo concurso para a adxudicación do servizo unha partida económica suficiente, así como se vai proceder ao rescate da externalización do servizo de coordinación do 061

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61116 (10/POC-009676)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o tipo de cesión ou contrato que acreditaron as persoas solicitantes de axudas para a posta en marcha de casas do maior no concello da Nogais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61117 (10/POC-009677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta polo colectivo de mestres de Francés, así como se considera que o colectivo de mestres de Francés ten un tratamento distinto ao resto de especialidades

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61118 (10/POC-009678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre que criterios se están a seguir por parte dos responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para designar a presidencia dos tribunais dos órganos de selección nos procesos de ingreso, acceso ou adquisición de novas especialidades nos corpos docentes

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61119 (10/POC-009679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis



Sobre se existe algunha planificación a curto e medio prazo das obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga por parte de Augas de Galicia, se considera que o capítulo VI dos orzamentos de Augas de Galicia está sobredotado, así como a valoración que fai de que a execución orzamentaria do capítulo VI dos anos 2016, 2017 e 2018 por parte de Augas de Galicia fose do 30,44 %

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61120 (10/POC-009680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre se coñece a Xunta de Galicia os atrasos que se están a producir na tramitación da documentación necesaria cando se produce unha substitución dun vehículo afecto a unha licenza de taxi, se existe algún problema na plataforma informática, así como se ten feito algunha avaliación da implementación do procedemento coordinado de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61121 (10/POC-009681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os criterios que está a empregar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para avaliar a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nos programas que desenvolve a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020, así como se responden os resultados ás expectativas dos programas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61122 (10/POC-009682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración que fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do Informe do Defensor do Profesor 2018-2019 presentado pola organización sindical ANPE, se existen demandas de asistencia xurídica ao persoal docente relacionadas con casos de acoso, ameazas, insultos ou agresións por parte de pais e nais do alumnado, así como se considera necesaria algunha actuación que potencie o recoñecemento da profesión docente

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61123 (10/POC-009683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre se considera necesario a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que as empresas participen na selección do profesorado dos centros educativo de formación profesional dual

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61124 (10/POC-009684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis



Sobre a valoración dos indicadores do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61125 (10/POC-009685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o motivo polo que non se fai pública a denominación dos módulos de FP que se imparten en lingua estranxeira nos centros autorizados como plurilingües, así como se se mantén o obxectivo de contar con 90 centros no cursos 2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61126 (10/POC-009686)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre a evolución da situación financeira das entidades de xestión de solo empresarial dependentes da Xunta de Galicia desde 2009

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61127 (10/POC-009687)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre os traballos que desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61128 (10/POC-009688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61129 (10/POC-009689)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis

Sobre o investimento que prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, no marco do programa Rexurbe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61136 (10/POC-009690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as accións do Goberno galego en relación co Goberno do Estado no relativo á política enerxética

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 61139 (10/POC-009691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as accións do Goberno galego ante a crise da industria auxiliar naval de Ferrol  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 61141 (10/POC-009692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 61145 (10/POC-009693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 61147 (10/POC-009694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración que fai a Xunta do I e II Programa Galego Muller e Ciencia  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 61150 (10/POC-009695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a existencia de problemas de cobertura de baixas e ausencias no Centro de Saúde de Cuntis, así como as medidas que está previsto que se leven a cabo  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61152 (10/POC-009696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 3 máis  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación do presidente en función da Mancomunidade do Salnés, así como as medidas que se pensan tomar ao respecto  
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61154 (10/POC-009697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do informe de expertos *Por una atención primaria vertebradora do sistema de saúde sobre a política sanitaria*  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61156 (10/POC-009698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela



Sobre a capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental, así como das actuacións e compromisos previstos pola Xunta  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61158 (10/POC-009699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do servizo de paritorio nos hospitais comarcais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61160 (10/POC-009700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial no Centro de Saúde e PAC da Guarda, así como a valoración que fai a Xunta da situación actual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61165 (10/POC-009701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de prazas baleiras na residencia pública da Porta do Camiño en Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61168 (10/POC-009702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61181 (10/POC-009704)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que cómpre tomar para reverter a situación de deterioración do sistema público de pensións

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61182 (10/POC-009705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a relación económica de Galicia co Estado español, así como da reclamación da débeda

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 61184 (10/POC-009706)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis





Sobre a ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61185 (10/POC-009707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia a respecto do proxecto da Cidade Deportiva do Celta en Mos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61191 (10/POC-009708)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas do Goberno galego relativas ao desemprego e á precariedade laboral en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61193 (10/POC-009709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a recuperación das pías bautismais de San Xián de Moraime

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61202 (10/POC-009710)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 9 máis

Sobre as características da obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense, así como os servizos que se verán mellorados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61204 (10/POC-009711)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 10 máis

Sobre os avances e novidades no proxecto do Gran Montecelo en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61205 (10/POC-009712)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 10 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación á licitación da obra do Hospital Gran Montecelo e o comezo dela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61206 (10/POC-009713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o traballo do Consello Técnico de Atención Primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 61208 (10/POC-009714)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a valoración que fai a Consellería de Sanidade do funcionamento dos vehículos sanitarios con consultas de enfermaría e medicamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61210 (10/POC-009715)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre como se está a desenvolver o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61212 (10/POC-009716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre cal é o grao de desenvolvemento da Lei de garantía das persoas enfermas terminais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61214 (10/POC-009717)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 9 máis

Sobre se o Goberno galego prevé actuacións de mellora no Hospital de Verín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61216 (10/POC-009718)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o balance das medidas do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61218 (10/POC-009719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense en xaneiro de 2020

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61173 (10/POC-009720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis

Sobre a creación dunha unidade de ictus no HULA, un servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas, así como do desenvolvemento do programa Código Ictus no conxunto de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 61224 (10/POC-009721)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración que fai a Consellería do Mar sobre os datos de venda e facturación das lonxas galegas en 2019

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

#### Admisión a trámite e publicación

- 61131 (10/PRE-020070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a necesidade de intervención da Xunta de Galicia para evitar impagamentos e perda de dereitos do Grupo Norte concesionaria da xestión do centro de chamadas do 061

- 61142 (10/PRE-020071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego ao respecto da situación da industria galega

- 61164 (10/PRE-020072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a existencia de prazas baleiras na residencia pública da Porta do Camiño en Santiago de Compostela

- 61167 (10/PRE-020073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación do servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol

- 61175 (10/PRE-020077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 máis

Sobre a creación dunha unidade de ictus no HULA, un servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas, así como do desenvolvemento do programa Código Ictus no conxunto de Galicia

- 61178 (10/PRE-020078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que cómpre tomar para reverter a situación de deterioración do sistema público de pensións



- 61189 (10/PRE-020079)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas do Goberno galego relativas ao desemprego e á precariedade laboral en Galicia

- 61196 (10/PRE-020080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a recuperación das pías bautismais de San Xián de Moraime

- 61217 (10/PRE-020081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense en xaneiro de 2020

- 61220 (10/PRE-020082)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación do transporte de viaxeiros por estrada na Terra Chá e as paradas en Vilalba, así como sobre o futuro da estación de autobuses da capital chairega

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.1. Composición do Pleno

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do día 14 de xaneiro de 2020, polo que se acepta a renuncia de dona Beatriz Mato Otero como deputada do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia (10/RCDE-000024)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de xaneiro de 2020, tomou coñecemento da vontade de dona Beatriz Mato Otero de renunciar ao seu cargo de deputada do Parlamento de Galicia, que manifestou expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara.

A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:



1º. Aceptar a renuncia de dona Beatriz Mato Otero como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña, na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas pola deputada a título individual.

3º. Notificar este acordo á interesada, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria.

4º. Notificar este acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 2.2.5. Composición das comisións

### **Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 61522)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 61522, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia, nas seguintes comisións parlamentarias:

-- Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Alta: D. Jesús Miguel Prado Patiño

-- Deputación Permanente (titulares)

Alta: D. Gonzalo Trénor López



-- Deputación Permanente (suplentes)

Baixa: D. Gonzalo Trénor López

Alta: D. Jesús Miguel Prado Patiño

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Rodríguez Pérez e Aurelio Nuñez Centeno**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG polo trámite urxencia**.

### Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada por ter coñecemento deste asunto canto antes en sede parlamentaria.

A CRTVG está potenciando nos últimos anos a súa tradicional vocación de colaboración con outras televisións, unindo esforzos, especialmente con aquelas canles de territorios cos que existen máis vínculos históricos e culturais. É o caso, por exemplo, da RTP portuguesa, coa que a CRTVG ten coproducido diversas series, chegando incluso a niveis de alcance e distribución internacional.

Son numerosos os exemplos de cooperación audiovisual da corporación con canles doutros territorios, tanto do Estado como doutros países e a través de diversas fórmulas, dende producións de ficción compartidas ata series emitidas simultaneamente ou programas conxuntos.

Dende o Grupo Popular consideramos fundamental esta estratexia da CRTVG de buscar novas vías para financiar a ficción e a procura de novos aliados audiovisuais, creando lazos e abrindo novas relación con outras televisións, accións que teñen como resultado exitosas producións.

Unha forma de xestión eficiente, que implica a mestura do talento galego co doutros territorios e que fortalece o noso audiovisual, que multiplica ao mesmo tempo o seu alcance.

Tendo en conta que a cooperación audiovisual constitúe unha ferramenta para enriquecer as producións dos medios públicos audiovisuais de Galicia e



unha oportunidade para reforzar a presenza da ficción galega no mundo, o Grupo Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que valoración fai a dirección da CRTVG das accións de cooperación audiovisual da CRTVG con outras canles de televisión?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 13:55:59**

**Maria Antón Vilasánchez na data 10/01/2020 13:56:20**

**Rosa Oubiña Solla na data 10/01/2020 13:56:33**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 13:56:41**

**Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2020 13:57:13**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 10/01/2020 13:57:53**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2020 13:58:03**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

O edificio Teixugueiras 15-17 no Concello de Vigo, propiedade nun 51'03% do Instituto Galego de Vivenda e Solo, atópase nestes momentos nun estado deplorable de conservación e mantemento. As deficiencias no funcionamento do sistema de ventilación afectan de forma directa ás condicións de habitabilidade das veciñas e veciños dos 384 pisos que conforman dita edificación.

A falla dos sistemas de ventilación forzada das zonas húmidas do edificio leva xerando problemas estéticos e económicos á veciñanza dende o ano 2014. Problemas que se fan patentes coa constante aparición de mofo nas paredes, elemento de preocupación para as veciñas e veciños polas súas consecuencias na saúde a longo e medio prazo.

O IGVS investiu 844.192,04 euros na implantación dun sistema de ventilación de 1º nivel, a pesar de non ser de obrigado cumprimento polas datas de construción do edificio, mais que non funciona correctamente, tal e como se reconece dende o propio IGVS nas súas comunicacións escritas á veciñanza.

O IGVS é parte implicada no problema. Como propietario maioritario ten a responsabilidade de exixir que o sistema polo cal gastou unha cantidade tan elevada de fondos públicos, funcione correctamente. Estas exixencias deben ser trasladadas tanto á mantedora como á administradora da propiedade. Por outra banda, o IGVS pola súa condición de promotora da edificación, debera velar e



reclamar os posibles fallos de execución na instalación do sistema de ventilación. Non é aceptable que a administración destine fondos públicos a instalacións que non se van utilizar, así como non é de recibo que se permita que as vivendas non contén coas prestacións de habitabilidade polas que foron adquiridas.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Pregunta:

-Teñen pensado dende a Xunta de Galicia facer algo ao respecto da situación na que se atopa actualmente o edificio Teixugueiras 15-17 da cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 08/01/2020 14:09:19**

**Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 14:09:34**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de intervención da Xunta de Galiza para evitar impagos e perda de dereitos do Grupo Norte concesionaria da xestión do centro de chamadas do 061.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión do centro e chamadas do 061 está externalizado e é xestionado pola empresa “Grupo Norte”. O cadro de persoal está formado por arredor de 100 traballadores. Son as xestoras das urxencias estrahospitalarias que fan a interlocución entre as persoas demandantes e o 061, e entre este e os recursos mobilizados: atención das chamadas, recadar datos, triaxe, coa clasificación e traspaso da chamada, mobilización dos recursos precisos... Polo tanto pezas clave.

O comité de empresa convocou folga parcial o día 6 de xaneiro. O motivo son novos atrasos no cobro de salarios e impagos de complementos.

Segundo nos teñen manifestado os problemas no cobro das nóminas comezaron ao pouco de anunciar a empresa a súa intención de non continuar co servizo, que ven prestando en situación de prórroga forzosa mentres non se resolta o novo concurso.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A empresa tamén comunicou a intención de aplicar unha modificación substancial das condicións laborais, consistente en eliminar o “plus de destino” que se lle ven aboando ao cadro de persoal en compensación polo traslado do centro de traballo de Compostela á Estrada.

Estamos diante dun servizo esencial como é a coordinación das urxencias sanitarias estrahospitalarias de Galiza, polo que se fai preciso que a Xunta abandone a posición de non implicación e actúe para rematar con esta situación de inestabilidade e incerteza para o persoal, obrigue á empresa a sentarse a negociar cos traballadores e traballadoras.

Non se trata dun problema interno entre empresa e traballadores/as, senón dun servizo público esencial, que se paga cos impostos dos galegos e das galegas, no que a saúde e a vida das persoas está en xogo polo que a Xunta ten que implicarse.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza coa empresa concesionaria do servizo de atención de chamadas de emerxencias sanitarias, Grupo Norte, para que cumpra coas súas obrigas contractuais e garanta os dereitos do persoal?

2.- Ten realizado algunha xestión para facer efectiva a apertura dunha mesa de negociación que permita solucionar as cuestións laborais pendentes dende fai meses (garantir o cobro da totalidade dos salarios, manter o complemento de destino...) como demandan xs traballadorxs?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Contempla o novo concurso para a adxudicación do servizo partida económica suficiente para unha correcta dimensión do cadro de persoal?

4.- Vai evitar realizar unha adxudicación á baixa, para que non repercuta como agora na presión sobre as traballadoras e os traballadores, na precarización das súas condicións laborais e polo tanto nun deterioro na prestación do servizo?

5.- Dadas as dificultades e precarización do cadro de persoal, que repercute na calidade do servizo, vai proceder ao rescate progresivo da externalización do servizo de coordinación do 061, e pasar a prestalo de xeito directo pola Xunta?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 14:10:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 14:10:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 14:10:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 14:10:52**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 14:10:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 14:11:07**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Consellería de Política Social publicou a Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regularon as bases que rexeron o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocaron en réxime de concorrència competitiva para os anos 2018 e 2019, orde que tiña como obxectivo aprobar as bases reguladoras polas que se rexería a concesión de axudas para a posta en marcha de experiencias piloto destinadas á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II respectivamente, mediante o establecemento da casa do maior nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

Entre a documentación que as persoas (físicas ou xurídicas) interesadas debían aportar atopábase, conforme ao artigo 11 k) da orde, a acreditativa da dispoñibilidade do inmovible durante o período subvencionado (escritura de propiedade, contrato de arrendamento ou documento de cesión).

Posteriormente, publicouse a Resolución do 31 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2018-2019.

Entre os requiridos, figuran dúas persoas que debían acreditar a dispoñibilidade do inmovible no que pretendían desenvolver a actividade, persoas que posteriormente resultarían adxudicatarias de axudas para o concello das Nogais (Lugo) conforme se establece na Resolución do 29 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publica a resolución de concesión das axudas previstas na Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocan en réxime de concorrència competitiva para os anos 2018 e 2019 (código de procedemento BS212A).



Debemos, polo tanto, supoñer acreditada a dispoñibilidade do inmovible necesario para o desenvolvemento da actividade por parte de ambas persoas.

Co ánimo de despexar posibles dúbidas, dado que ao parecer os inmovibles puideran ser propiedade do Concello das Nogais.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) As persoas solicitantes que corresponden aos expedientes identificados como 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A teñen nesta data inmovibles á súa disposición para a posta en funcionamento de casas de maiores ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018, antes citada, que son de propiedade do Concello das Nogais?

2ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, que tipo de cesión ou contrato acreditaron? Que duración ten esa cesión ou contrato, e en que termos se estipulou?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:09:42**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2020 14:09:53**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 14:10:06**





## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Por parte dun colectivo de mestres da especialidade de francés se ten traslado ao Grupo Parlamentario Socialista unha serie de aparentes irregularidades en relación coa adxudicación de destinos provisionais nos últimos cursos.

Así, segundo este colectivo, en diversos centros estanse a adxudicar prazas que corresponden por catálogo a esta especialidade a outras e mesmo documentan as súas afirmacións con diversos casos de prazas adxudicadas, segundo este colectivo, de xeito irregular.

Así teríamos nesta situación prazas nos seguintes centros: CEIP Pedro Caselles (Tomiño), CEIP Antonio Magariños (Cambados), CEIP Plurilingüe dos Dices (Rois), CEIP Conmeniño (O Grove), CEIP Juan Rey (Lourenzá), CEIP de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa), CEIP Monte dos Postes (Santiago), CEIP de Castrelo (Cambados), CEIP de Nantes (Sanxenxo), CEIP Otero Valcárcel (Carral), CEIP Vicente Risco (Vigo), CEIP Portonovo (Sanxenxo), CEIP A Ramallosa (Teo), CEIP Manuel Masdías (Ferrol), CEIP do Seixo (Marín), CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso (Noia), CPI Cernadas de Castro (Lousame), CEIP Campomaioir (Ordes), CEIP Pérez Viondo (A Estrada), CPI de Mondariz (Mondariz)m CEIP José María Lage (Ortigueira), CPI do Progreso (Catoira), CEIP de Abanqueiro (Boiro) e CEP Pilar Maestu Sierra (A Pobra do Caramiñal).

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta por este colectivo?

2ª) Estanse a adxudicar como destinos provisionais a outras especialidades prazas que, conforme á configuración de unidades dos centros, deberían ser ofertadas por francés por estar así establecido no catálogo que se vén empregando?

3ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que o colectivo de mestres da especialidade de francés, funcionarios ou interinos, ten un tratamento distinto ao resto das especialidades?



4ª) Ten detectado algún caso como o que expón o colectivo demandante? De ser así, deuse algunha instrución para corrixilo?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Encarnación Liñeiro Pouso na data 08/01/2020 14:10:33**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:10:48**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A libre designación da presidencia dos órganos de selección nos procesos de ingreso, acceso ou adquisición de novas especialidades nos corpos docentes forma parte tanto dunha longa tradición como do marco normativo.

Así, o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, dedica o seu capítulo II aos órganos de selección, establecendo no seu artigo 7.7 que a designación dos presidentes dos tribunais realizarase libremente polo órgano que convoca.

Conforme a esa norma, a última convocatoria regulada pola Orde do 21 de febreiro de 2019 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia establece para a totalidade dos tribunais responsables dos procesos que a presidencia será designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que criterios se están a seguir por parte dos responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para designar a presidencia dos tribunais dos órganos de selección nos procesos de ingreso, acceso ou adquisición de novas especialidades nos corpos docentes?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:11:19**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:11:32**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

*A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia establece no seu artigo 26.c, sobre as competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma a elaboración, aprobación e execución de proxectos de obras de competencia das entidades locais, cando estas lle teñan delegado tal competencia.*

Como a propia entidade Augas de Galicia reconece, unha das colaboracións máis importantes é o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración, xa que supón unha importante axuda ao desenvolvemento das competencias municipais sobre a prestación dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración por parte dos concellos, que en moitos casos necesitan de cuantiosos investimentos dificilmente abordables polas tesourarías municipais.

Para a realización de todas estas actividades, Augas de Galicia dispón dun departamento de obras que se encarga da redacción de planificación e proxectos hidráulicos e da súa execución.

Desde este grupo parlamentario, tense denunciado que os investimentos levados a cabo por Augas de Galicia teñen un alto grado de opacidade no relativo á súa decisión, podendo mencionarse que en moitas ocasións as obras de abastecemento e saneamento de augas se realizan a través de convenios ou acordos con diversos concellos, sen que se coñeza a que criterios obedece tal elección.

Resulta tamén unha evidencia que non existe unha planificación coñecida para valorar os criterios prioritarios de actuación e que puidese servir de referencia para algún tipo de control, o que en moitas ocasións as actuacións parecen obedecer a meros intereses de oportunidade e conveniencia política.

Pero si todo o anterior non fose suficientemente preocupante, os datos de execución do capítulo VI de Augas de Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2018, son extraordinariamente preocupantes xa que amosan un desleixo pola necesaria construción e modernización de todas as infraestruturas hidráulicas da nosa comunidade autónoma.



Estes datos de execución son os seguintes:

Cap. VI	Iniciais	Definitivos	Obrigas	Obrig - Inic.	%
2018	53.885.187	53.700.916	21.450.495	- 32.434.692	60,19%
2017	53.397.737	48.935.846	14.349.049	- 39.048.688	73,13%
2016	53.397.737	56.604.615	13.114.976	- 40.282.761	75,44%
Suma	160.680.661	159.241.377	48.914.520	- 111.766.141	69,56%

Dedúcese pois unha xestión nefasta ao respecto, xa que dispoñía para estes anos (2016, 2017 e 2018) dunha partida inicial de 161 millóns de euros para realizar investimentos, dos cales se executaron unicamente obras por importe de 50 millóns de euros, polo que se deixaron de executar investimentos por contía superior aos 111 millóns de euros.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Existe algunha planificación a curto e medio prazo das obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga por parte de Augas de Galicia?

2ª) Se a resposta a anterior pregunta é positiva, con que criterios se levou a cabo esa planificación? Noutro caso, porque non existe esa planificación?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que o capítulo VI dos orzamentos de Augas de Galicia está sobredotado?

4ª) Que valoración fai de que a execución orzamentaria do capítulo VI dos anos 2016, 2017 e 2018 por parte de Augas de Galicia fose do 30,44 % ?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:12:05**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 14:12:19**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 14:12:34**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Diversos traballadores do sector do taxi en Galicia téñense posto en contacto con este grupo parlamentario para trasladar a súa preocupación polos retrasos que están a sufrir na tramitación administrativa que depende da Xunta de Galicia cando toman a decisión de substituír un vehículo.

O Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia foi ditado, entre outras premisas, sobre a necesidade de facer efectiva unha coordinación interadministrativa dado que a prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habilitan ás persoas titulares para exercer a dita actividade, que son a licenza municipal a autorización interurbana.

Preténdese que, mediante o procedemento establecido, se acade unha maior axilidade e simplificación dos trámites necesarios.

En xeral, e con pequenas diferenzas, as distintas ordenanzas municipais establecen que a documentación que deben levar a bordo os vehículos é a seguinte:

1. Licenza de taxi
2. Permiso de circulación do vehículo
3. Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor
4. Boletín de control metrolóxico
5. Póliza e recibo de pago do seguro de responsabilidade civil
6. Permiso de conducir
7. Permiso municipal de condutor de taxi
8. Autorización interurbana de transportes
9. Libro de reclamacións
10. Plano e rúeiro da localidade

A maior parte da documentación anterior está vinculada ao vehículo e cando se produce a substitución débese tramitar a correspondente ao novo. Procedemento



que como é obvio se debe realizar de forma simultánea, é dicir, non debe existir ningún documento no novo vehículo que corresponda ao substituído.

O artigo 31 do dito Decreto 103/2018, relativo á substitución de vehículos establece que as persoas titulares de títulos habilitantes para prestar o servizo de taxi poderán substituír o vehículo adscrito a estes, seguindo para tal fin o procedemento coordinado previsto na sección 1ª do capítulo II, e é precisamente na parte que corresponde á Xunta de Galicia dentro dese procedemento coordinado no que se están a producir retrasos que supoñen un grave trastorno para o normal desenvolvemento da actividade por parte das persoas que traballan neste sector.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia os retrasos que se están a producir na tramitación da documentación necesaria cando se produce unha substitución dun vehículo afecto a unha licenza de taxi?

2ª) Existe algún problema na plataforma informática empregada que dea lugar a eses retrasos?

3ª) Ten feito algunha avaliación da implementación do procedemento coordinado desde a publicación do Decreto 103/2018, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:13:03**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 14:13:15**





## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª

A Xunta de Galicia anunciou, no ano 2017, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que, segundo se enuncia, ten como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia ás etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Desde o curso 2017/18 publicáronse anualmente as convocatorias pertinentes, que no caso deste curso, son as seguintes:

1. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurininfantil) para o curso 2019/20.
2. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2019-2020.
3. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2019-2020.
4. Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2019-2020.

Todas as resolucións citadas teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.

Así, no caso do programa Plurininfantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.



O bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) ten como finalidade promover no alumnado unha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa, así como un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro como no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Estamos a referirnos, evidentemente, só ao que ás ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pódese cualificar de moi modesta sendo benévolo ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Por outro lado, o informe do Ministerio de Educación e Formación Profesional *Datos y cifras Curso escolar 2019/2020* ao analizar a porcentaxe de alumnado que participa en experiencias de utilización de linguas estranxeiras como lingua de ensino (correspondente ao curso 2017-2018) establece dúas categorías:

1. *Aprendizaxe integrada de contidos e lingua estranxeira*, que se refire á oferta de programas que garanten a súa impartición, polo menos, en todos os cursos de cada unha das etapas da educación obrigatoria (Primaria e/ou ESO) e que tamén pode abarcar segundo ciclo de E. Infantil e/ou o ensino post-obrigatorio.
2. *Outras experiencias*, que se refire a aquelas experiencias que afondan no coñecemento dunha lingua estranxeira, que inclúen a súa utilización como lingua de ensino para unha ou máis áreas ou materias, diferentes da propia lingua estranxeira. Estas experiencias non adoitan estar orientadas á súa continuidade en cada un dos cursos das etapas obrigatorias, e mesmo, ás veces poden estar condicionadas á dispoñibilidade no centro de profesorado que poida participar nelas.

Pois ben, no primeiro grupo a Comunidade Autónoma de Galicia sitúase 11 puntos por debaixo da media do Estado na Educación Secundaria Obrigatoria e no segundo grupo, 13 puntos por enriba da media no caso da Educación Primaria e 8 puntos no caso da Educación Secundaria Obrigatoria, o que dá boa mostra da modalidade pola que aposta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.



Paralelamente, escoitamos con frecuencia referencias á mellora das competencias lingüísticas do alumnado e algunhas cifras que cuantifican a dita mellora e que supoñemos sustentadas nalgún tipo de avaliación. Resulta obvio que algunha mellora se debe experimentar xa que, polo contrario, conduciría a unha situación absurda.

Aínda así, parece necesario coñecer os criterios empregados para avaliar esa mellora, o que resulta obvio nas políticas públicas: eficiencia, equidade e transparencia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que criterios está a empregar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para avaliar a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que desenvolven a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 e que veñen funcionando nos últimos cursos?

2ª) Responden os resultados observados ás expectativas dos programas?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:13:40**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:13:59**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa establece no seu artigo 11 a condición de autoridade pública do profesorado, de xeito que no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

Esta mesma lei na súa disposición adicional primeira, sobre a asistencia xurídica ao profesorado e ao persoal non docente que dependa da Administración educativa, determina que a Administración educativa promoverá as medidas oportunas para garantir a adecuada protección e asistencia xurídica do profesorado dos centros docentes públicos e do persoal non docente que dependa da Administración educativa, así como a cobertura da súa responsabilidade civil, en relación cos feitos que deriven do seu exercicio profesional e das funcións que realice dentro ou fóra do recinto escolar. En todo caso, o profesorado destes centros e o persoal non docente que dependa da Administración educativa gozarán do dereito á representación e defensa en xuízo nos termos establecidos na normativa reguladora da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Recentemente a organización sindical ANPE vén de facer público o *Informe do defensor do profesor 2018-2019*. Este informe amosa certos indicadores preocupantes, como que o 79,5 % das chamadas que recibe este servizo proceden de profesorado que imparte docencia na educación primaria e na educación secundaria (incluíndo aquí as de bacharelato), o que en principio se corresponde coa porcentaxe de alumnado nestas etapas sobre o total.

Pero o que resulta máis rechamante é que un 19 % das chamadas están relacionadas con denuncias de pais e nais e acoso, insultos e ameazas por parte deles; algún destes feitos poderían ser tipificados como delitos e requirir a actuación da Xunta de Galicia conforme ao que se establece na citada disposición adicional primeira da Lei 4/2011.

Con independencia dos sesgos que se poidan atribuír ao informe (por tratarse de profesorado que se sinte nunha situación ante a que necesita defensa) e a súa



representatividade (136 chamadas no curso 2018/2019), o informe apunta a incrementos preocupantes nas condutas sinaladas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Educación, Cultura e Formación Profesional do *Informe do defensor do profesor 2018-2019* presentado pola organización sindical ANPE no caso dos datos referidos á Comunidade Autónoma de Galicia?

2ª) Existen demandas de asistencia xurídica ao profesorado ou a persoal non docente dependente da Consellería de Educación, Cultura e Formación Profesional relacionadas con casos de acoso, ameazas, insultos ou mesmo agresións por parte de pais e nais do alumnado?

3ª) Se for o caso, cantas existen e en que etapas educativas se concretan?

4ª) Considera a Consellería de Educación, Cultura e Formación Profesional que é necesaria algunha actuación que potencie o recoñecemento da profesión docente e o respecto ás persoas que a desenvolven?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:14:26**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:14:39**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional creou mediante a Resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e con carácter experimental, a Rede galega de dinamización da FP Dual, creando a figura do responsable de dinamización da FP Dual, que ten como función, entre outras, a de asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP Dual de cara á realización dunha xestión de calidade.

O mesmo día que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional presenta a primeira guía informativa sobre a FP Dual nunha xornada técnica que reuniu a todos os axentes implicados no desenvolvemento destas ensinanzas, a saber, empresas, equipos directivos, docentes e persoas dinamizadoras da antes citada rede de dinamización de FP Dual, comprobamos nunha noticia de prensa a existencia de empresas que poñen en cuestión o modelo.

Así, mentres a Sra. conselleira afirma que *“Neste paso é crucial a confianza empresarial, así como o compromiso dos centros educativos”*, podemos ler que as empresas urxen a participar na elección dos profesores para mellorar a FP Dual e que pese a que consideran que o plan formativo é o que mellor se adapta ás súas necesidades, atópanse a docentes que non *“defenden o modelo educativo”*.

Identifican como un progreso a súa participación na selección do profesorado dos centros educativos, pois consideran que debe ser *“consensuado”* e *“non imposto”*, como se produce na actualidade, para mellorar a formación e a integración do alumnado na empresa.

As anteriores afirmacións parecen poñer en cuestión, cando menos, a profesionalidade do profesorado que participa nos proxectos de formación profesional dual.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Comparte a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as afirmacións feitas sobre a necesidade de que as empresas participen na selección do profesorado dos centros educativos que participan en proxectos de formación profesional dual?

2ª) Ten recibido algunha petición nese sentido?

3ª) Considera necesario que as empresas participen na selección do profesorado participante en proxectos de FP Dual ou que dito profesorado deba ser consensuado coas empresas?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:15:21**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:15:35**



## Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta na Comisión 4ª.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade), expresa seis eixes:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...)
4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.





6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha delas aplícase a varios obxectivos.

Como é lóxico, se prevé un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016/2017, 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020 e que, aos efectos que nos ocupan, son tres os cursos completos os que leva implementándose o plan e que o próximo curso é o último.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Realizouse a valoración dos indicadores previstos no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente aos cursos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

2ª) Se non se realizou, cal foi a causa?

3ª) Se se realizou, que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. dos valores obtidos?

4ª) Os resultados observados poñen en evidencia a necesidade de incidir nalgunha das medidas previstas no plan ou de incluír algunha nova?

5ª) Estímase necesario dedicar esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:08:30**





**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:08:46**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 14:09:02**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O programa Edulingüe iniciado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para dar un impulso adicional ao ensino das linguas estranxeiras, cun horizonte que remata no ano 2020, ten como obxectivos que a mocidade poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira, seguir adaptando as aulas galegas aos retos presentes e vindeiros, que necesariamente pasan pola destreza dunha lingua inglesa e, por último, favorecer a empregabilidade dos mozos e das mozas e, así mesmo, promover unha maior competitividade no sector empresarial.

A propia Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 prevé que a ensinanza plurilingüe se amplíe á formación profesional, creando 90 centros plurilingües en FP, e plurilingüismo en Ensinanzas Artísticas e Deportivas.

Dentro deste programa, creouse para o curso 2017/2018 o programa Estrela PluriFP, que regula a implantación e desenvolvemento dos denominados ciclos formativos plurilingües, aplicable aos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a resposta dos centros escasa nas tres convocatorias que se levan publicado, incluíndo a correspondente ao curso 2019/2020.

Así, no curso 2017/18 foron autorizados como plurilingües 12 ciclos formativos en 7 centros distintos, no curso 2018/19 foron autorizados 35 ciclos formativos en 21 centros e para o curso 2019/20 hai provisionalmente 44 ciclos formativos en 23 centros.

Chaman poderosamente a atención os seguintes feitos:

1. Na resolución de autorización correspondente ao curso 2017/18 (o primeiro autorizado) figuran os módulos dos para os que se autoriza a súa impartición en cada un dos ciclos formativos; esa información desaparece tanto na autorización definitiva para o curso 2018/2019 como na provisional para a 2019/2020.



2. Dos 35 ciclos formativos autorizados no curso 2018/19, tres non volven a estar autorizados provisionalmente para o curso 2019/20.
3. Dos 44 ciclos formativos que se autorizan provisionalmente para o curso 2019/20, só 17 son novos ou dito doutra forma, hai 27 que xa estaban autorizados no curso 2018/19.
4. O nivel de implicación dos centros, tanto públicos como privados (concertados ou non) é moi escaso, xa que só o 8,71% dos centros solicitan a súa participación (23 de 264 para o curso 2019/20), logo de tres anos de vixencia deste plan.
5. O obxectivo de acadar os 90 centros no curso 2020/21 semella inalcanzable, toda vez que a un curso de dito horizonte tense acadado a participación de 23, ou sexa a cuarta parte.

Atopámonos, en definitiva e unha vez máis, ante un evidente fracaso dun programa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como xa ben denunciando ao longo desta lexislatura este grupo parlamentario.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Porque non se publica a denominación dos módulos que se imparten en lingua estranxeira nos ciclos formativos autorizados como plurilingües?

2ª) A que atribúe a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a escasa resposta dos centros que imparten ciclos formativos ás sucesivas convocatorias do programa Estrela PluriFP?

3ª) Ten previsto o establecemento de medidas excepcionais tendentes a incrementar a participación dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no programa Estrela PluriFP?

4ª) Ten avaliado, dalgunha maneira, a repercusión da participación do alumnado neste programa? De ser así, que conclusións se obtiveron?

5ª) Mantén a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o obxectivo de acadar 90 centros plurilingües en formación profesional para o curso 2020?





Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 14:07:45**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 14:08:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Gonzalo Trénor López, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, e Julia Rodríguez Barreira** deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

Entre outras débedas que o goberno bipartito deixou en herdanza ao actual goberno destacan nomeadamente a das liquidacións negativas dos orzamentos de 2008 e 2009 e a situación financeira das catro empresas provinciais de xestión do solo, as Xestures.

As erráticas políticas de PSOE e BNG nos departamentos de ordenación territorial, industria e vivenda levaron a operacións que supuxeron importantes perdas económicas para estas empresas públicas, ata o punto de deixalas ao borde da quebra no ano 2009.

Cando o goberno do Partido Popular de Galicia asumiu a xestión da Xunta, en primeiro lugar apostou por unha integración das catro empresas nun único ente autonómico, unha fusión que se culminou en 2013. Posteriormente, en novembro de 2015 Xestur formalizou un préstamo cunha entidade financeira que permitiu cancelar o préstamo sindicado asinado anteriormente con dez entidades financeiras e recollía unhas condicións moi favorables para Xestur ao supoñer un aforro de 14 millóns en xuros.

Estes foron só dous fitos do que foi un completo plan de saneamento destas entidades que levan a que, por fin, os orzamentos da Xunta para 2020 estimen que Xestur peche ese ano cun resultado contable positivo.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta en comisión:

Como ten evolucionado a situación financeira das entidades de xestión de solo empresarial dependentes da Xunta de Galicia desde 2009?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2020 14:02:23**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 14:02:44**

**Gonzalo Trenor López na data 08/01/2020 14:03:03**

**Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2020 14:03:17**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2020 14:03:32**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2020 14:03:55**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2020 14:04:11**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGNs/AtkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup>Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

En decembro do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou publicamente o observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados que interveñen neste sector.

Un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Que traballos desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia e de que maneira os resultados se poñerán á disposición dos cidadáns de Galicia?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2020 14:14:36**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 14:14:51**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2020 14:15:10**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2020 14:20:34**

**Gonzalo Trenor López na data 08/01/2020 14:20:51**

**Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2020 14:20:59**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2020 14:21:14**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, vén promovendo a construción de solo industrial en Galicia para o desenvolvemento económico e para favorecer a creación de emprego.

Estes polígonos implántanse e deséñanse seguindo o Plan Sectorial de Solo Industrial de Galicia que determina o tipo e ubicación destes polígonos en función dos existentes, da dispoñibilidade de solo, das necesidades e demandas e da actividade económica das distintas zonas.

Unha das zonas de maior necesidade e demanda de solo industrial e a área metropolitana da Coruña, en especial, polo enorme crecemento dalgunhas empresas de implantación internacional e os seus provedores e a recente posta en funcionamento da dársena de Langosteira, o coñecido como Porto exterior da Coruña.

Estes e outros axentes, fan desta área un dos motores económicos de Galicia e unha das de maior actividade económica e exportadora de toda España.

Dada esta actividade económica o Plan sectorial de Solo Industrial de Galicia definiu en Arteixo o polígono industrial de Morás, que será, unha vez rematado, un dos maiores de Galicia, aínda que está previsto o seu desenvolvemento en diversas fases.

Unha vez pasados os peores anos da crise económica e cunha economía española e galega en recuperación e crecemento, volve demandarse solo industrial por parte das empresas e industrias ubicadas no contorno da Coruña e é por iso, que en 2017 a Xunta de Galicia reactivou as obras de urbanización do parque empresarial de Morás, en Arteixo, e anunciou a adxudicación dunha importante superficie a unha empresa interesada en instalarse no mesmo.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Comisión**:

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás?



Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 14:22:48**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2020 14:23:16**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2020 14:23:30**

**Gonzalo Trenor López na data 08/01/2020 14:23:48**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2020 14:24:05**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2020 14:24:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2020 14:24:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jose Manuel Rey Varela, Antonio Mouriño Villar, Jacobo Moreira Ferro, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Esta aposta responde a un compromiso expresado polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016. Este programa, que dedicaba un epígrafe específico á recuperación dos cascos históricos facía unha mención expresa a unha actuación singular co nome Rexurbe e que se definía deste xeito: “Realizaranse intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito, recuperaranse importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia”.

Seguindo este compromiso, nesta lexislatura ademais das distintas liñas de axudas dirixidas aos propietarios e aos concellos para a rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Recentemente, tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa, coa adquisición de novos inmobles en distintos centros históricos de cidades e vilas galegas.

O pasado 12 de xaneiro publicaba unha oferta pública de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do Programa Rexurbe.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 61129  
Data envío: 08/01/2020 14:32:24.202**

-Que investimento prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, no marco do programa Rexurbe, e para a súa posterior rehabilitación?

Santiago de Compostela, 09 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 08/01/2020 14:29:25**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 14:29:39**

**José Manuel Rey Varela na data 08/01/2020 14:30:19**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2020 14:30:51**

**Jacobo Moreira Ferro na data 08/01/2020 14:31:01**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 08/01/2020 14:31:19**

**Gonzalo Trenor López na data 08/01/2020 14:31:30**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/01/2020 14:31:39**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGNSjAfkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, das deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Nos próximos meses as galegas e galegos sufriremos un novo agravio froito da política enerxética de PP e PSOE no Estado e froito da política enerxética da década Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza ao ter que asumir o pagamento dos denominados suplementos territoriais de 2013 na nosa factura de electricidade.

Así as cousas, a contía para cada persoa variará en función do consumo e a potencia contratada. Porén, o que fica claro é que Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta situación é un absoluto escándalo, xa que se está a castigar a Galiza por ser produtora, xa non é que non reciba ningunha compensación, agora vai ser penalizada por producir e exportar enerxía ao resto do Estado.

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha que fora suficiente neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

O 22 de novembro de 2018 este Grupo Parlamentar impulsou na Cámara Galega o seguinte acordo:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa Galicia da orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses dos galegos e galegas e da nosa economía.

2. Caso de non prosperaren os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custos que sexan requiridos para dar cumprimento a estas sentenzas, xa que foi una norma emitida polo Goberno central a causante destas.»





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Fracasados os recursos legais da Xunta de Galiza, é hora de que o goberno galego cumpra este acordo e demande do goberno central a asunción dos pagamentos correspondentes a Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai cumprir a súa palabra o goberno galego esixindo ao central que asuma as contías precisas para dar cumprimento ás sentenzas referentes aos suplementos territoriais de 2013 de forma que isto non sexa asumido polas consumidoras do noso país?

Que actuacións desenvolveu o goberno galego para cumprir cos acordos do 22 de novembro de 2018?

Como valora o fracaso dos recursos legais do goberno galego a este respecto? Existe aínda algunha posibilidade?

Cre que os galegos entenderán que teñen que pagar máis pola luz que unha persoa de Murcia, Almería, Barcelona ou Donosti?

Que negociación política emprendeu ou vai emprender co Estado? Cal está a ser a formulación? Cales as peticións?

Que vai facer o goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera o goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 17:39:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 17:39:12**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 17:39:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 17:39:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 17:39:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 17:39:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Durante as últimas semanas a industria naval auxiliar de Navantia volveu protagonizar unha gran preocupación pola situación laboral, mesmo acudindo á folga. Entre outros, o detonante foi o despedimento de 15 persoas (6 de INDASA e 9 da UTE TECMAN-RAYMA), xusto no momento no que se estaban a producir as negociacións entre ambas as dúas empresas e Navantia para prorrogar os contratos en vigor.

Hai que recordar ademais que estamos a falar dun cadro de persoal que foi contratado no seu día pola UTE FERROVIAL-ELINCO, e polo tanto dimensionado no ano 2016, non existindo daquela unha ocupación do estaleiro maior da que se vai padecer durante os vindeiros dous anos froito do atraso das fragatas, entre outros motivos polas escuras operacións de Morenés. Este persoal ten conquirido o dereito de subrogación cando se negociou o convenio do metal despois de moitos meses de loita e tamén de folga. Porén, a día de hoxe isto non está a ser respectado.

Este conflito é un síntoma máis dun problema maior, no que salientan a falta de estabilización do colectivo e a falta dunha folla de ruta estable para Navantia, afectada polo mantemento dun veto práctico á construción civil e polas demoras de contratos clave.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cómpre recordar que sen unha industria auxiliar forte Navantia non terá capacidade para enfrontar os retos de futuro e, así mesmo, sinalar que esta industria pode chegar a empregar 3.000 persoas, polo que as condicións de traballo en xeral, e salariais en particular, deste colectivo teñen unha influencia radical para a economía da comarca de Ferrol.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego diante da crise da industria auxiliar naval en Ferrol?

Ten o Goberno Galego coñecemento da situación actual na que se atopa o conflito e da negociación que se está levando a cabo?

Que valoración fai o goberno galego dos índices de eventualidade que sofre este persoal, e polo tanto de fragilidade, que provoca conflictividade recorrente?

Que actuacións levou a cabo, ou ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza, para favorecer que a integración dos chamados Acordos do 2001 ao marco provincial sexan unha realidade na súa translación?

Considera o goberno galego que o seu desatendemento no cumprimento da lei do naval galega favorece esta situación? Vai rectificar?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para favorecer unha carga de traballo suficiente que palíe as consecuencias das cacicadas de Morenés?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera o goberno galego que se ten superado o veto á construción civil na ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 17:42:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 17:43:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 17:43:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 17:43:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 17:43:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 17:43:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á consistencia ou non dos novos anuncios publicitarios respecto da construción naval na excursión do Presidente Feijóo a Arxentina.

O pasado 19 de setembro de 2019 asistimos a un novo anuncio por parte do Presidente da Xunta de Galiza relacionado coa construción naval nunha excursión. Desta volta durante a expedición a Arxentina coincidindo no tempo, casualmente, coa preocupación no sector pesqueiro pola posíbel afectación das prospeccións petrolíferas arxentinas aos caladoiros que emprega o noso sector, coa preocupación pola situación do sector naval ao producírense despedimentos no sector auxiliar e coa inminente convocatoria de eleccións.

Segundo informa literalmente a nota de prensa da Xunta de Galiza o Presidente <<abordou hoxe co ministro de Agricultura, Ganadería y Pesca do Goberno arxentino, Luis Miguel Etchevehere, numerosos asuntos de interese para a viabilidade das empresas galegas e para a pesca de Galicia, entre os que destacou o acordo para que case a metade dos barcos que operan en augas arxentinas poidan construírse en estaleiros galegos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“No eido da renovación da frota, o ministro destacou que a previsión que teñen é a de construír barcos por un importe de 2.500 millóns de dólares, entendendo que a metade, aproximadamente, desa carteira de pedidos se poderán construír en estaleiros galegos”, dixo, confirmando ademais o acordo de rebaixa do 14% ao 7% dos aranceis para a construción de barcos de máis de 30 metros que se fagan fóra de Arxentina.>>

Vistos os precedentes das promesas de Pemex que resultaron xa non só incumpridas senón nunha operación que está sendo investigada por indicios de corrupción, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que é necesario ter máis información ao respecto e que sexa esclarecido.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cando prevé o goberno galego que cristalizarán as súas promesas respecto da construción da metade da frota arxentina?

En que consiste o acordo co goberno? En que data se asinou?

Ten memoria económica? Que aspectos recolle?

En que asteleiro ou asteleiros se construírá esa frota?

Que volume de traballadores precisará?

Cal é o horizonte que se manexa?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cales son os tipos de barco e número destes que se desenvolverán?

Que significa “case a metade”?

Con “barcos que operan en augas arxentinas” refírese só aos barcos de propiedade arxentina? Considera a Xunta de Galiza que esa descrición é rigorosa?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 12:25:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 12:25:38**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 12:25:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 12:25:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 12:26:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 12:26:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentar e a nosa labor de oposición. .





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que axudas, subvencións e convenios de colaboración que estableceu a Xunta de Galiza, se é o caso, coas seguintes empresas, desde o ano 2009?

ALUDEC S.A.

ALYMOSA

BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.

BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.

CABLERIAS AUTO S.L.

CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -  
FUNDACION CETAG

CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.

COMPONENTES DE VEHICULOS

COPO GALICIA SLU

COPO IBERICA S.A.

DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.

FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.

FAURECIA ATUOMOTIVE ESPAÑA S.A.

FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.

GESTAMP VIGO S.A.

GKN DRIVELINE VIGO S.A.

GRUPO ANTOLIN PGA S.A.

GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.

MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.

MC SYNCRO

MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.

MGI COUTIER ESPAÑA S.L.

PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.

PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.

PSA PEUGEOT CITROEN

REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.

SNOP ESTAMPACION S.A.

TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)

TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.

TREVES GALIZA, SLU





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

VIZA AUTOMOCION SAU

ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS (OCCUPANT  
SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 10:44:51**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 10:44:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 10:45:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 10:45:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 10:45:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 10:45:22**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Na Galiza de 2018 continúa a ser unha tarefa pendente a de facer unha aposta seria e decidida desde os poderes públicos para favorecer a presenza e recoñecemento das mulleres nos ámbitos científico tecnolóxicos e da investigación.

Malia contar co histórico fito do desenvolvemento do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, o goberno de Núñez Feijóo deixouno esmorecer desde a súa chegada a goberno. Tal e como se recolle na introdución daquel Plan, foi concibido para “dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos seus compañeiros varóns”.

Este Programa Galego de Muller e Ciencia tentaba contribuír a mudar determinadas formas de construír, crear e transmitir ciencia, así como de deseño de políticas científicas, de desenvolvemento tecnolóxico e de xestión da innovación. Porén, non se desenvolveu de forma suficiente para avanzar en revertir a situación de desvantaxe das mulleres en todos os tramos de facer científico e tecnolóxico e iso lastrou os avances no noso país. A día de hoxe, malia terse rematado o I Programa e terse coñecido, con anos de atraso, o II Programa Galego de Muller e Ciencia ao que se





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comprometera o goberno galego por iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, non consta unha avaliación específica da primeira edición.

A ausencia dunha avaliación rigorosa do I Plan é algo grave, pero é tamén grave a falta de cumprimento do II Programa e as lagoas canto á súa avaliación. Alén das cuestións da planificación deste II Programa coas que este Grupo e que dificultarán o seu éxito, máis aínda o vai dificultar a falta de rigor e seriedade na súa aplicación. Neste sentido, o II Programa indica “Elaboraranse dous informes: un informe de seguimento e outro de avaliación final” e sorprende que no ecuador da súa aplicación nada se saiba.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Ten feito o goberno galego algunha avaliación do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012? A través de que mecanismos e instrumentos? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Ten feito o goberno galego informe de seguimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020?

-A través de que mecanismos e instrumentos fixo ou vai facer esa laboura? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Tense debatido no seo da Unidade Muller e ciencia? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Considera o goberno galego que está a cumprir co obxectivo de establecer medidas efectivas desde a Axencia de Innovación e outros organismos para eliminar os desequilibrios de xénero que poidan existir no relativo á formación científica?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- E no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i?
- E para situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano?
- Cal é o orzamento que ten empregado no último ano orzamentario? E no presente?
- Considera que o funcionamento da Unidade Muller e Ciencia é adecuado?
- Considera que a información que fornece está á altura do s.XXI?
- Considera o goberno galego que ten dinamizado de forma suficiente a Unidade?
- Como avalía o traballo no ámbito da mocidade? E a colaboración coas Universidades Galegas?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 17:04:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 17:04:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 17:04:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 17:04:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 17:05:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 17:05:12**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A finais do mes de outubro o pobo de Cuntis mobilizouse, non por primeira vez, en demanda dunha mellor atención sanitaria primaria no seu concello. As queixas habituais céntranse na necesidade de que a Xunta afronte a integridade do mantemento do centro de saúde e, fundamentalmente, no cobertura do persoal de maneira axeitada.

En Cuntis prodúcese, de maneira clara, un dos problemas que a atención primaria está evidenciando en toda Galicia froito dunha situación complexa dos sistemas sanitario, e agravado pola ineficiente xestión da Xunta de Galicia. Non existe unha planificación do sistema que permita organizar os recursos humanos, a pesares das reivindicacións dos profesionais e incluso as sentencias xudiciais que condenan ao Sergas pola “contratación fraudulenta” e a “saturación” a que somete aos profesionais.

No caso de Cuntis cúmprese este tipo de situacións, ao sufrir habitualmente unha alta espera nas citas solicitadas de atención primaria, con demoras de ata 10 días nalgúns casos. Estas esperas danse pola non cobertura de baixas ou ausencias dos profesionais, que provocan acumulación de pacientes sobre os profesionais que en cada momento están activos no centro, e tamén repercute nunha saturación do centro de saúde de Caldas.

Ante a elevada mobilización e reivindicación cidadá, representantes do Concello de Cuntis mantiveron unha xuntanza coa dirección da EOXI, que coñeceu de primeira man a realidade do concello. Con posterioridade o Sergas promoveu a discusión pública dos argumentos presentados polos representantes municipais de Cuntis, sen ofrecer ningunha solución ao problema e negando a situación.

Nestas mesmas datas o Sergas anunciou a dotación para o veciño concello de Valga, gobernado polo Partido Popular, dun profesional a maiores para cubrir as necesidades presentadas en atención primaria nese concello.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Recoñece o Sergas a existencia de problemas de cobertura de baixas e ausencias no centro de saúde de Cuntis?
2. Repercute o problema existente en Cuntis sobre o centro de saúde de Caldas saturando este ao ter que recibir pacientes dende o concello veciño?
3. Que medidas ten previsto tomar o Sergas ante as demandas da veciñanza de Cuntis amosada de maneira reiterada nas mobilizacións e queixas?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:04:50**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 10:05:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

As mancomunidades de municipios, sendo organizacións de asociación voluntaria dos concellos, constitúen unha ferramenta de traballo para accións de carácter local ou comarcal, coordinando as actuacións en sectores estratéxicos ou na dotación de servizos, especialmente dos concellos máis pequenos e con menos recursos.

A Mancomunidade do Salnés é un deses casos, nos que a asociación de concellos permite algúns avances como a obtención de recursos para dar servizos aos concellos máis pequenos da comarca, ou como as posibilidades de promoción turística para unha comarca moi dependente deste sector económico.

A Mancomunidade do Salnés leva en funcións xa dende 2015, pois non se formulou a renovación da Dirección dende entón. Esta potestade, propia do presidente, foi alterada para manterse no cargo e non ter que renovarse. En 2019, a nova configuración do Pleno evidencia unha nova maioría que manifestou a vontade de renovar a Presidencia, actualmente representada polo alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán. Non en tanto, para evitar someterse ao resultado dos plenos municipais, o presidente en funcións Durán apoiouse nunha denuncia presentada por un veciño de Meaño, un dos concellos asociados, sobre o Pleno local, para non convocar o Pleno da mancomunidade. Este ilóxico proceder apunta a unha obsesión por manterse nun cargo que non lle corresponde, e vulnera as decisións tomadas polos cidadáns nas eleccións municipais e as decisións tomadas polos representantes municipais.

Esta irresponsable actitude provoca que 6 meses despois de terse celebrado as eleccións municipais, non está aínda conformado o Pleno nin renovada a Dirección dun órgano que deba estar funcionando, e que agora está no aire no seu funcionamento. Esta caprichosa actuación parece apoiada por todo o Partido Popular da comarca, que entrega a súa voz ao señor Durán, que manifestos exemplos de irresponsabilidade está ofrecendo constantemente en diversos campos.



Existen resolucións xudiciais, do contencioso administrativo de Pontevedra, sobre a denuncia que Durán usou de parapeto para non convocar o Pleno da Mancomunidade, e rexeitan esta necesidade instando a convocar este órgano. Tamén así o fai o informe da Secretaría da Mancomunidade, que en todo caso Durán ocultou e non quixo facilitar ao resto dos membros do Pleno. O obscurantismo parece reforzar a idea dunha falta de criterio e sentido democrático das institucións.

Os propios estatutos da Mancomunidade do Salnés apelan a que, para o non resolto a través dese propio documento e ás situacións non contempladas nel, observaranse as normativas de orde superior, entre as que están as normativas autonómicas. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como órgano superior nas competencias sobre as administracións públicas de Galicia, non ten realizado acción algunha dirixida a esixir ou instar á convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés, nin notificou decisións sobre a situación que pretendan facilitar o proceder democrático e natural da institución.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación de interinidade e negativa de cumprimento da normativa por parte do presidente en funcións da Mancomunidade do Salnés?
2. Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para facilitar o proceder democrático de convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:07:24**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/01/2020 10:07:38**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 09/01/2020 10:07:50**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/01/2020 10:08:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non en tanto, a concatenación de problemas levou á consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. No segundo dos casos, a publicación do informe de análise titulado *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos.





Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar: conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

- Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.
- Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se formula a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
- Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXI, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
- Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Asume o Goberno de Galicia que o informe de expertos *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* supón unha gran emenda á súa política sanitaria dos últimos anos?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia asumir as recomendacións emitidas no informe citado e desenvolver un plan de acción ligado a esas conclusións? En caso afirmativo, que prazos manexa para elo?
3. Considera a Xunta de Galicia agora que as realidades evidenciadas por este análise ofrecen unha visión real da situación da sanidade galega en atención primaria?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2020 10:56:14  
**Nº Rexistro: 61154**  
Data envío: 09/01/2020 10:56:14.243

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:22:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 10:22:46**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGNSjAtkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Galicia sitúase como unha das comunidades autónomas de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia comunidade autónoma, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non en tanto, a presenza dos profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do Sergas. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficit de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar. Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).



Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outra formulación asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación actual da capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental?
2. Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia sobre a saúde mental en Galicia de maneira inmediata?
3. Que compromisos pode adquirir a Xunta de Galicia sobre melloras e implementación de novos recursos nos servizos de saúde mental no Sergas?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:45:04**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2020 10:56:44  
**Nº Rexistro: 61156**  
Data envío: 09/01/2020 10:56:44.400

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 10:45:14**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGNSjAtkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A política de dotación de servizos sanitarios no entorno rural de Galicia ven sendo foco de erráticas decisións por parte da Xunta de Galicia. Mentres se aposta en palabras por fortalecer o rural e apúntase á necesidade de anclar poboación, recórtanse servizos e persoal en canto é posible argumentar en funcións de ratios a suposta non necesidade ou ineficiencia.

Esta situación ven de ocorrer, por exemplo, no caso do peche do paritorio en Verín, fundamentado segundo a Xunta de Galicia na perda de poboación e descenso de nacementos en Verín. Esta política de pescadilla levará, inevitablemente, a maior perda de poboación pola retirada de servizos de contornos que necesitan fortalecer os servizos públicos para poder atraer a maior volume de poboación.

Este argumento, estendido a todo o rural galego e ás comarcas non plenamente urbanas, levaría directamente a unha perda continuada de servizos. Esta está sendo a liña estratéxica da Consellería de Sanidade, que vai consolidando a perda de servizos nos hospitais comarcais, continuado coa perda de condición de áreas sanitarias para aquelas comarcas que a manteñan cun hospital comarcal como centro de referencia, e que continúa agora con exemplos como o de Verín citado.

A preocupación, a maiores da comarca referida, esténdese a outras que ven como esta vontade recortadora pode chegar ás súas zonas. As explicacións ofrecidas polos cargos directivos da Consellería de Sanidade ven alimentando as especulacións sobre perda de servizos fora das cidades. En particular, perder a posibilidade de parir no hospital comarcal máis próximo é un temor que afrontan moitas familias e, en particular, as nais que prefiren ser atendidas no seu hospital de referencia neste proceso.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Prevé a Xunta de Galicia estender a decisión de recortar o servizo de paritorio noutros hospitais comarcais de zonas que perdan poboación ao igual que ocorreu en Verín?
2. É reversible a decisión de suprimir o peche do paritorio de Verín cos datos de nacementos actuais para fortalecer os servizos que permitan anclar poboación nesa comarca?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:47:21**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/01/2020 10:47:31**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 10:47:43**





## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia ven de desenvolver un proceso de lavado de cara coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de RR.HH., así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.

O concello de A Guarda é un caso notorio onde estes problemas están a ser evidenciados, o que prexudica a atención e oferta asistencial aos seus veciños/as. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas ou vacacións, deriva nunha saturación profunda dos profesionais que, sen axuda da consellería que repoña profesionais ou que inclúa novas solucións, ven como deben asumir o volume das súas consultas e o daquelas que non teñen, no día concreto, profesional que as



atenda. Isto provoca saturacións de máis de 50 ou 60 citas nun día. A saturación dos centros deriva, ademais, nunha chegada masiva aos servizos do PAC da cidadanía que non ve resoltos os problemas no centro de saúde, e incluso acaba achegándose a urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a unha hora de distancia pola ausencia das infraestruturas de comunicación que o propio Goberno da Xunta de Galicia non executa a pesares dos anuncios repetidos ano tras ano.

En A Guarda é habitual que non poidan estar cubertas as 8 prazas de medicina familiar e comunitaria do centro de saúde, estando en moitas ocasións so a metade na quenda de mañá ou de tarde. Tamén a necesidade demandada por profesionais, usuarios e diversos colectivos da comarca dun equipo máis no PAC de A Guarda supón unha reivindicación de tempo.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía que demanda unha solución ao problema. Existiron diversos procesos de mobilización, entre os que consta unha recollida de sinaturas iniciada por veciños que chegou ás 2500 sinaturas, así como un acordo da Mancomunidade do Baixo Miño para solicitar unha xuntanza co conselleiro de Sanidade, así como un acordo da corporación municipal de A Guarda no mesmo sentido. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas considera a Xunta de Galicia necesarias tomar para mellorar a capacidade asistencial no Concello de A Guarda no centro de saúde e no PAC?
2. Por que a Xunta de Galicia non responde á reiterada solicitude de xuntanza dos representantes municipais co conselleiro de Sanidade, que teñen trasladado en distintos formatos, para tratar os problemas que existen no centro de saúde e PAC de A Guarda?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación actual da asistencia sanitaria en atención primaria no Concello de A Guarda e no conxunto da comarca do Baixo Miño?

Pazo do Parlamento, 09 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 10:51:41**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 10:51:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á existencia de prazas baldeiras na Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, en tanto hai moitas persoas en lista de espera.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Confederación Intersindical Galega (CIG) vén de denunciar a infrautilización da Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, dependente da Consellaría de Política Social. Denuncian que leva mais de 1 ano con baixísimos niveis de ocupación, tendo durante as datas deste pasado Nadal só 51 prazas ocupadas, dun total de 84. Polo tanto 33 prazas libre, mais de vinte habitacións dobres e individuais baldeiras.

Denuncian que a dirección do centro argumenta a existencia de prazas libres nunha orde da Consellaría de só aceptar persoas maiores de 75 anos e con grado 0 de necesidade de asistencia. Consideran que este é un requisito case imposible de cumprir, xa que as listas de solicitude para entrar nunha residencia son de persoas de idades a partir dos 60 anos, ou aínda menos, mais con todo tipo de grados de asistencia. Son moi escasas as persoas peticionarias que non teñen ningún grado de invalidez ou necesidade asistencial. Todo parece indicar que estes requisitos son creados artificialmente para





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

manter unha residencia como Porta do Camiño seme baldeira a pesares de ter unha moi importante lista de espera das máis grandes de Galiza.

Nesta Residencia de Porta do Camiño realizouse un importante investimento, para entre outras cuestións, eliminar barreiras arquitectónicas, dotar de espazo para enfermería e cuartos habilitados para acoller a persoas con necesidades asistenciais maiores que un grado 0. É das poucas que está dotada cun cadro de persoal suficiente, incluído persoal facultativo, de enfermería, auxiliar... xa que logo suficiente para atender a 84 persoas residentes.

Parécenos inxustificábel que se deixen sen ocupar estas cuartos, tendo en conta a longa lista de espera existente, en Galiza en xeral e nesta residencia en particular, salvo que o obxectivo sexa favorecer a ocupación de prazas en empresas privadas. Temos coñecemento da existencia de vivendas comunitarias de empresas privadas, nas que residen persoas que non dan acceso a prazas públicas e nas que hai escaso control da súa situación e da atención que se lle presta ás súas necesidades.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a razón de manter prazas baldeiras nas residencias de maiores da Xunta de Galiza, nomeadamente na Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, en tanto existan persoas demandantes en listas de espera?

Considera aceptábel manter prazas baldeiras tendo en conta o enorme déficit de prazas públicas existentes en Galiza de residencias para persoas maiores e dependentes?

Cantas persoas están en residencias privadas pagadas con fondos públicos?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que control se está realizando das vivendas comunitarias privadas?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 11:01:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 11:01:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 11:01:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 11:02:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 11:02:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 11:02:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A situación do servizo de urxencias do Complexo “Arquitecto Marcide” está a rexistrar nos últimos tempos situacións de verdadeiro colapso; que afectan a usuarias, acompañantes e tamén ao persoal que traballa no servizo.

Lembramos que no pasado ano rexistráronse varios episodios que tiveron coma resultado pacientes abandonados nos pasillos, carencia de camillas, etc.....; chegando a un punto álxido na tempada do verán por mor do peche de camas nesa época e tamén polo incremento de enfermos crónicos con problemas respiratorios.

Unha situación que obedece –segundo ratifica reiteradamente o persoal de atención sanitaria- á falta de espazo público e tamén a carencia de medios humanos; cuestións que as mesmas persoas recoñecen que non está claro que se vaia solventar coa ampliación prevista no Plan Director.

Estamos, pois, perante un problema estrutural que afecta ao propio deseño da política sanitaria e, nomeadamente, á carencia de persoal. Pénsese, por exemplo, que a espera para consultas nesta área sanitaria –que abarca 20 concellos e máis de 176.000 usuarias- é a máis elevada de toda Galiza.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pois ben, esta situación volveu repetirse na pasada fin de semana; na que houbo varios festivos continuados. E, novamente, como resultado do incremento de persoas con doenzas crónicas, ficaron desbordados os servizos de urxencias, chegando mesmo a ocupar todas as camas correspondentes á planta de medicina preventiva e tamén na UCI.

Segundo acreditaron traballadoras do servizo, como resultado desta situación houbo que activar o denominado plan de continxencia, consistente na apertura da segunda planta do Hospital Naval (previsto para continxencias destas características) e tamén ao traslado de doentes ao hospital privado “Juan Cardona”, ubicado tamén na cidade de Ferrol. Unha situación que conleva –segundo manifestan representantes das traballadoras- a contratación de persoal eventual que, coma é ben sabido, é o que xa atura boa parte da atención sanitaria en datas coma o Nadal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- É coñecedora a Xunta das situacións de colapso que con carácter cíclico rexistra o servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol- “Arquitecto Marcide”, e dos prexuízos que derivan para doentes, acompañantes e persoal de atención sanitaria?

2.- Dispón o Goberno galego da información das razóns que motivaron o colapso que, especificamente, se rexistrou no servizo de urxencias do hospital entre os días 4 e 7 de Xaneiro, así como dos periódicos colapsos que se veñen rexistrando?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para resolver estas situacións- que afectan a un amplísimo ámbito poboacional- no ámbito da mellora das infraestruturas sanitarias, organización e contratación de persoal?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 11:14:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 11:14:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 11:15:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 11:15:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 11:15:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 11:15:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para revertir a situación do deterioro do sistema público de pensións.

As pensións son un dereito conquistado polo movemento obreiro a base de mobilizacións, folgas, represión e incluso cadea.

As medidas legislativas aprobados e implantadas nos últimos 10 anos supuxeron un retroceso nos dereitos laborais e sociais e como consecuencia foise configurando unha realidade de precariedade, desigualdades e inxustiza.

Mentres a produtividade do traballo, a riqueza segue aumentando, constátase que, ao contrario do que viña acontecendo, as xeracións futuras perderán dereitos e poder adquisitivo con respecto ás anteriores ao chegar á xubilación

As pensións galegas son as segundas máis baixas do Estado, máis da metade son inferiores a 706,6 euros, a pensión media dunha muller galega é case 300 euros menor ca pensión dun galego e das persoas con pensións máis baixas, máis do 60% son mulleres.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

destino aos mercados financeiros globais, un dato que avala esta afirmación é que no 2009 o número de pensións privadas era de 3,5 millóns de euros e na actualidade xa superan os 8 millóns.

É polo tanto preciso revertir esta situación, tomar medidas para a implantación dun mercado laboral forte, con salarios xustos e emprego estábel, para poder garantir os recursos suficientes para o sistema público de pensións e ao tempo tomar as decisións lexislativas precisas.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas en Galiza?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da contía das pensións en Galiza?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para revertir a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 12:25:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 12:25:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 12:25:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 12:25:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 12:25:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 12:26:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Durante os últimos meses puidemos constatar como a inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensuralidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento no marco dun espectáculo alongado no tempo no que se evidenciou asemade a insuficiencia da nosa relación económica co Estado e a falta de seriedade e de unidade de criterios deste.

Máis aínda, puidemos constatar o fracaso da estratexia da Xunta de Galiza, pois non só non arrancou o compromiso necesario por parte do goberno central senón que desbotou, presuntamente, recorrer á vía xudicial malia ter encargado un informe xurídico. Neste contexto resultan difíciles de crer as súas afirmacións respecto da posibilidade de que no caso de incorrer en déficit se lle reclame a asunción ao goberno central.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como vai evitar a Xunta de Galiza as consecuencias negativas da inxusta relación económica de Galiza co Estado español?

Vai rectificar e pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Ten pensado a Xunta de Galiza incorrer en déficit?

E aumentar a débeda?

Vai reclamar que o goberno central asuma os custos de incorrer en déficit ou de aumentar a débeda? De que forma?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 12:38:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 12:39:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 12:39:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 12:39:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 12:39:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 12:39:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á ampliación da depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra.

No ano 2015, logo da denuncia da Unión Europea ao Estado español polo incumprimento da normativa de depuración e da calidade das augas da ría de Pontevedra, a Xunta de Galiza anunciou a contratación dun Plan de Saneamento Local, con un investimento de 1,5 millóns de euros. Este plan foi adxudicado en xullo de 2016 á UTE formada por EPTISA e IDOM enxeñería por máis de 1,2 millóns de euros e un prazo de execución de 3 anos.

A día de hoxe, os concellos e as entidades relacionadas coa ría e co ámbito do plan non teñen coñecemento do documento. Así e todo, nos últimos meses, a Xunta de Galiza fixo públicas diferentes actuacións incluídas neste Plan, como a renovación da depuradora dos Praceres, a ampliación desta instalación ou a construción dun novo emisario submarino.

Así como a obra de mellora do proceso depurativo da EDAR, cun orzamento de 16 millóns de euros, conta co acordo unánime de todos os sectores e institucións, a ampliación da depuradora é obxecto dun rexeitamento maioritario tanto na parroquia de Lourizán como no concello de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cómpre ter en conta que o Pleno do concello de Pontevedra adoptou o pasado 9 de outubro de 2018 o seguinte acordo unánime:

O Pleno do Concello rexeita a ampliación da actual EDAR dos Praceres e esixe das administracións competentes a exclusión, no Plano de saneamento da Ría de Pontevedra, de calquera proposta que contemple a indicada ampliación.

Malia este rexeitamento, a Xunta de Galiza anunciou a súa intención de seguir adiante co proxecto, do que non se coñece nada máis que unhas infograffias.

Desde o BNG consideramos necesario que se analicen outras alternativas como a mellora da rede separativa, para reducir drasticamente a cantidade de augas da chuvia que entran aos colectores, e a construción de novas depuradoras.

Ademais, consideramos imprescindible controlar os vertidos procedentes do porto de Marín, impedindo que se vertan directamente á rede de saneamento grandes cantidades de materiais procedentes dos procesos de limpeza e tratamento de peixe.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Está rematado o Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra, contratado á UTE formada por EPTISA e IDOM en xullo de 2016?

Cando ten previsto a Xunta de Galiza facer público o Plan de Saneamento Local da ría de Pontevedra?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Contempla a Xunta de Galiza a necesidade de construír novas depuradoras na ría de Pontevedra?

Que medidas considera necesario desenvolver para a mellora da rede separativa nos concellos que verten á depuradora dos Praceres?

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza en relación cos vertidos procedentes do Porto de Marín?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/10/2019 11:20:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2019 11:20:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2019 11:20:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2019 11:20:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/10/2019 11:20:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 11:20:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Celta de Vigo e o Concello de Mos levan case dous anos tramando o pelotazo urbanístico de Mos, mediante a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para cambiar os usos do chan e facer posíbel a construción dun macrocentro comercial que ten a Cidade Deportiva do Celta como tapadeira.

Esta modificación puntual do Plan Xeral chega moi pouco tempo despois da aprobación do PXOM de Mos, en xaneiro de 2017 e conta co beneplácito e a complicidade da Xunta de Galiza e do PP, como se puxo de manifesto no acto de presentación da Cidade Deportiva do Celta en Mos, o 15 de decembro de 2017, acto no que participou o presidente da Xunta de Galicia.

O procedemento seguido é un exemplo de libro de desvío de poder e de uso das institucións para favorecer o interese privado sobre o interese público.

Tamén é un exemplo de libro de como a actuación da administración pública se pon ao servizo da empresa privada:

- O 15 de decembro de 2017 preséntase publicamente o proxecto.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- O 16 de decembro de 2017 asínase entre o Celta e o Concello de Mos no que se acorda o procedemento e os pasos a seguir para levar a cabo o proxecto.

- O 17 de xaneiro de 2018, o concello de Mos envía escrito á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para iniciar o procedemento da avaliación ambiental estratéxica da Modificación do Plan Xeral de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios.

- O 16 de maio de 2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático fixo pública a resolución pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica da Modificación do PXOM de Mos.

- O 1 de decembro de 2018 o concello de Mos concedeu licenza para a construción na parroquia de Pereiras de varios campos de fútbol que forman parte do proxecto da Cidade Deportiva do Celta.

Ao longo de todo este procedemento, a Xunta de Galicia intentou coar pola porta de atrás, vía lei de acompañamento dos orzamentos, unha modificación da lei do solo (artigo 117 bis), pola que se pretendía outorgarlle a promotores privados as prerrogativas da administración para expropiar terreos e fixar o prezo.

2. Para avaliar todo este proceso cómpre ter en conta os informes citados na Resolución do 16 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na que se inclúen numerosas obxeccións a este proxecto

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo considera necesario xustificar axeitadamente a elección da expropiación como sistema de actuación, dado que o obxectivo da Modificación puntual é a implantación de usos e dotacións privadas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- O Instituto de Estudos do Territorio constata o impacto visual e paisaxístico, cuestiona a necesidade de implantar un centro comercial (“Deberíase xustificar adecuadamente a necesidade de implantar unha área comercial a carón do complexo deportivo”), e propón buscar ubicacións alternativas.

- O concello de Vigo presenta diversas obxeccións, entre outras a necesidade de abastecemento de auga desde a rede municipal de Vigo, así como a incompatibilidade co uso racional do territorio e a sustentabilidade ambiental.

- A Confederación Hidrográfica Miño-Sil fai referencia á afección aos recursos hídricos e aos cursos de auga.

-A Demarcación de Estradas do Estado en Galicia informa da afección á rede viaria estatal, concretamente á proposta de variante da autovía Vigo Porriño.

A maiores o documento sinala o impacto do sistema viario e da mobilidade, cunha previsión de movemento de 8.000 vehículos día, que se incrementaría a 12.000 os sábados (o 92-95% vinculados ao uso comercial), polo que sería necesario dotar o equipamento de servizo de transporte público desde Vigo.

Tamén cómpre ter en conta o impacto do viario e do centro comercial no patrimonio cultural, coa afección ao xacemento romano de Pereiras catalogado no PXOM.

A maiores deberíase considerar as previsións das Directrices de Ordenación do Territorio a respecto da necesidade de garantir o desenvolvemento económico sustentábel, a utilización racional do territorio e a súa sustentabilidade ambiental.

En definitiva, a Modificación puntual prevé a transformación dunha gran superficie de solo clasificado como solo rústico de especial protección, con unha







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

importante incidencia sobre a variábel ambiental, con importantes movementos de terra, efectos paisaxísticos significativos, impacto sobre o comercio de Mos e de toda a área, impacto no cambio climático, etc.

3. De todo o anterior derívase una conclusión: o concello de Mos e a Xunta de Galicia pretenden facer pasar un dromedario polo ollo dunha agulla.

Pretenden camuflar como Cidade Deportiva un macrocentro comercial

Pretenden declarar a utilidade pública para desenvolver un proxecto privado de clara intencionalidade lucrativa.

Pretenden forzar e violentar a lei para favorecer intereses privados. E xa sabemos cales son as consecuencias cando estes “procedementos” acaban nos tribunais.

Pretenden arrasar case 1 millón de metros cadrados de solo rústico, grande parte de uso forestal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Comparte a Xunta de Galiza a operación especulativa que se agocha baixo o proxecto da Cidade Deportiva do Celta en Mos?

2. Considera que está xustificado este proxecto tendo en conta o seu fortísimo impacto paisaxístico, no patrimonio, nos recursos hídricos, na mobilidade e no clima?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Considera o goberno galego que está xustificada a utilidade pública deste proxecto?
4. Como valora a Xunta de Galiza as obxeccións a este proxecto formuladas por diversos departamentos da Xunta e por outras administracións?
5. Considera o goberno galego que existen razóns máis que suficientes para denegar a modificación puntual do PXOM de Mos actualmente en tramitación?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 16:31:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 16:31:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 16:31:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 16:31:56**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 16:32:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 16:32:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 165.308 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Respecto ao emprego autónomo, bandeira que o Partido Popular ten empregado como saída do desemprego, ten hipotecado en moitos casos a galegos e galegas en negocios que no pasaron do segundo ano.



Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social, ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cando vai a presentar o Goberno galego a Lei integral de emprego de Galicia que tanto tempo leva anunciando?
- Cales son as medidas que o Goberno galego está levando a cabo para combater a precariedade laboral?
- Cales son as medidas que o Goberno galego está levando a cabo para a redución do desemprego en Galicia?
- Que pensa facer o Goberno galego ante a evidencia do fracaso das políticas de autoemprego?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2020 13:03:21  
Nº Rexistro: 61191  
Data envío: 09/01/2020 13:03:21.354

**Eva Solla Fernández na data 09/01/2020 12:58:09**

CSV: BOPGDSPGNs/AtkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á recuperación das pías bautismais de San Xián de Moirame roubadas pola familia Franco.

Aproximadamente no ano 1960, Carmen Polo visitou a igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía) e interesouse por días pías bautismais de grande valor histórico-artístico que estaban no patio da casa reitoral. Pidiu as días pías para levalas ao pazo de Meirás e ordenoulle ao párroco don José Barrientos, que obtivera os correspondentes permisos. Ao día seguinte, desprazouse ao lugar un camiión para recoller as citadas pías, sen que se tramitase ningún permiso para o traslado.

O cura párroco de Moraime, José Barrientos, púxose inmediatamente en contacto por escrito co arcebispado, comunicando o acontecido. Posteriormente foi chamado polo vicario da diocese e decidiron non reclamar naquel momento as pías, dada a posición da persoa que se apropiara delas.

O 3 de setembro de 1980, D José Barrientos comparece diante do notario de Vimianzo para deixar constancia destes feitos. Nesa mesma data comparece tamén D Celso Alcaina Canosa, natural de San Xián de Moraime, sacerdote e avogado, quen manifesta “Que coñece as circunstancias expostas por referencias de D José Barrientos e doutras persoas”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde esa data, o sr Celso Alcaina fixo xestións diante do goberno central e da Xunta de Galiza mais sen obter ningún resultado. En 2010, o alcalde de Muxía, a petición de Celso Alcaina, enviou unha carta á Xunta solicitando que se adoptasen as medidas necesarias para a recuperación das pías, mais non tivo resposta. Nese escrito, adxuntou a acta notarial de 1980.

Aínda que a igrexa de Moraime é Ben de Interese Cultural, a Xunta manifestou en 2017 que non lle corresponde reclamar as pías: “A igrexa de San Xián de Moraime é propiedade da Igrexa. Polo tanto, quen debe reclamar son os titulares do ben”. Nese mesmo ano, o Arcebispado de Santiago manifestou que “estudiará o asunto”, examinando “a documentación que poida existir procedente da parroquia”.

Dada a condición de Ben de Interese Cultural e de ben de dominio público da igrexa románica de San Xián de Moraime, a Xunta de Galiza ten a obriga de velar pola súa conservación, protección, salvagarda e seguridade. Ademais, desde 1985 existe unha comisión mixta Xunta-Igrexa católica que ten entre as súas funcións:

Actuar como órgano de asesoramento da consellería competente en materia de patrimonio cultural, para a protección, conservación, fomento e difusión do patrimonio cultural de Galicia nas cuestións que afecten exclusivamente bens de titularidade da Igrexa Católica que teñan valor cultural.

Malia esta obriga compartida de conservar e protexer os bens de titularidade da Igrexa católica, ningunha das dúas institucións adoptou medidas encamiñadas a conseguir a recuperación destes obxectos de extraordinario valor cultural.

Diante desta situación de pasividade e connivencia da Xunta e da Igrexa co roubo de dúas pezas que forman parte dun Ben de Interese Cultural, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza en relación coa recuperación das pías bautismais da igrexa románica de San Xián de Moraime, das que se apropiou de maneira irregular a familia Franco?

-Por que non respondeu o goberno galego ao escrito enviado en 2010 polo alcalde de Muxía no que demandaba tomar as medidas necesarias para recuperar as pías?

-Fixo algunha xestión a Xunta de Galiza ante o arcebispado de Santiago, ben directamente ou através da comisión mixta Xunta de Galiza-Igrexa católica, para interesarse pola reclamación e recuperación dos citados bens?

-Dada a condición de Bens de Interese Cultural e bens de dominio público, considérase a Xunta de Galiza lexitimada e obrigada a xestionar a recuperación das pías bautismais de Moraime?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 12:57:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 12:57:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 12:57:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 12:58:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 12:58:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 12:58:19**



## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Jackeline Fernández Macías**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polas características das obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense.

É necesario destacar o compromiso que o Goberno galego ten coa sanidade pública na comarca de A Mariña e, en concreto, co Hospital da Mariña Lucense.

Así pois, o traballo e a loita da Xunta de Galicia polo Hospital da Mariña Lucense demostrase có Diario Oficial de Galicia na man. O Goberno galego fala facendo con partidas orzamentarias destinadas á mellora da nosa sanidade pública.

Neste senso, a obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense xa está en marcha cun investimento total de 20 millóns de euros, 12,8 millóns de euros na súa primeira fase.

Así, ante o exposto, os deputados abaixo asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as características detalladas da obra de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña Lucense?
2. Ademáis da ampliación e remodelación da infraestrutura, que servizos se verán mellorados no Hospital da Mariña Lucense?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 09/01/2020 12:17:13**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:17:34**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:17:59**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:18:20**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:18:40**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:18:52**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:19:11**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:19:28**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:19:38**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:20:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Guadalupe Murillo Solís, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline Fernández Macias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo de 2016, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional. Estes documentos elaboráronse acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxestións, etc., tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

No DOG de 9 de agosto de 2017 publicouse o anuncio e licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital de Montecelo (Pontevedra), e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo.

Por todo isto, os deputados abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avances e novidades se teñen producido nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 09/01/2020 12:25:54**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:26:06**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 09/01/2020 12:26:28**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:26:44**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:27:01**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:27:12**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:27:29**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:27:44**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:27:54**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:28:17**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:28:37**



## A Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Jackeline Fernández Macías, Raquel Arias Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo do 2016, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional. Estes documentos se elaboraron acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxerencias, etc. tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios dos centros integrantes do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

No DOG do 9 de agosto de 2017 publicouse o anuncio e licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital de Montecelo (Pontevedra), e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo.

O 16 de febreiro de 2018 formalizouse o contrato coa UTE formada por Estudio Chile 15 S.L.P., Gau Arquitectura e Urbanismo S.L.P. e JG Ingenieros para a elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital Montecelo e a redacción do proxecto básico e execución da fase I da obra de construción Gran Montecelo.

O 7 de xuño de 2018 o Consello da Xunta aprobou a declaración de interese supramunicipal do Proxecto sectorial para a ampliación do Hospital Gran Montecelo.



Dentro de la tramitación preceptiva o 20 de xuño de 2018 remitiuse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o proxecto sectorial de incidencia municipal para o trámite de avaliación ambiental.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático someteuno a consulta pública por un prazo de 45 días hábiles. Finalizadas as consultas desde a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático dictouse resolución de alcance cunha serie de recomendacións a ter en conta na elaboración definitiva do proxecto sectorial. Esta resolución recibíuse no SERGAS o 31 de agosto de 2018.

En xaneiro de 2019 someteuse o proxecto sectorial a información pública, e foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 26 de xullo.

Por elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as previsións do Goberno da Xunta de Galicia en relación á licitación da obra do Hospital Gran Montecelo e o comezo da mesma?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 09/01/2020 12:30:20**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:30:31**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:30:57**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:31:14**

**Marta Rodríguez Arias na data 09/01/2020 12:31:29**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:31:45**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:32:01**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:32:11**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:32:18**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:32:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Recentemente, o Goberno galego aprobou e publicou o plan de atención primaria de Galicia, como ferramenta axeitada para acometer os cambios precisos diante do envellecemento da poboación e a cronicidade.

No mes de xullo, o DOG publicou unha Orde que creaba e regulaba a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria, cuxa posta en funcionamento tíñase acordado coas organizacións sindicais, no marco do Plan de Atención Primaria de Galicia.

O consello terá como funcións, a análise e avaliacións das necesidades de recursos humanos na Atención Primaria, a mellora da capacidade resolutiva e a carteira de servizos, os procesos asistenciais, e a mellora das relacións primaria-hospitalaria.

Ten unha composición multidisciplinar, con expertos de recoñecido prestixio, propostos por sociedades e asociacións de primaria, de pediatría, enfermería, fisioterapeutas, traballo social, farmacéuticos, e organizacións sindicais representadas na mesa sectorial. Tamén aportarán vocais a FEGAMP, o Consello Asesor de Pacientes, os colexios profesionais, as consellerías competentes, o 061 e distintos departamentos do SERGAS, ata un máximo de cincuenta e cinco persoas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como está a desenvolverse o traballo deste Consello Técnico de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:34:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:34:37**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:34:53**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:35:04**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:35:21**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:35:35**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:35:45**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:36:07**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:36:14**



## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Hospital 2050 e Innova Saúde son dous plans de Innovación Sanitaria cun investimento superior a 90 M€, cuxa misión é crear o modelo do futuro da sanidade pública galega.

Nese eido, e coñecendo a situación de cronicidade, envellecemento da poboación e dispersión xeográfica de Galicia, desenvolveuse un proxecto de centro de diagnóstico e terapéutica móbil, que permitira optimizar a cobertura de necesidades asistenciais da poboación galega, ofrecendo servizos de calidade e asemade, incrementando a accesibilidade e a eficiencia.

Ese proxecto fíxose realidade con dous vehículos, formato autobús, con consultas de enfermería e medicamento, dotadas con equipos para a realización de probas diagnósticas que en moitos casos non están dispoñibles en centros de saúde.

Ademais, a dotación contempla un quirófano de cirurxía maior ambulatoria dotado de todos os aparatos necesarios para a realización deste tipo de intervencións, que se poden levar a cabo no entorno do propio paciente.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Consellería de Sanidade o funcionamento, e que actividade realizaron estes vehículos sanitarios con consultas de enfermería e medicamento, dotadas con equipos para a realización de probas diagnósticas que en moitos casos non están dispoñibles en centros de saúde?



Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:40:24**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:40:45**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:41:01**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:41:12**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:41:29**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:41:44**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:41:53**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:42:10**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:42:16**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O incremento da esperanza de vida e das enfermidades crónicas están a transformar os servizos sanitarios, procurando prestar a asistencia sanitaria no entorno mais próximo para o paciente: o seu domicilio.

A Hospitalización a Domicilio aproxima o Hospital aos enfermos, substituindo o mesmo naquelas persoas que pola súa enfermidade ou evolución se considere como a mellor opción asistencial.

Nesta nova situación cobran especial importancia as novas tecnoloxías, que permitirán o control de moitas constantes e situacións do enfermo dende os centros de saúde, sempre en coordinación cos servizos hospitalarios.

Conscientes disto, o Partido Popular de Galicia presentouse ás eleccións autonómicas de 2016 cun programa electoral que recollía expresamente o seguinte compromiso: “Melloraremos e estenderemos a hospitalización a domicilio, establecendo criterios homoxéneos e definindo os procesos comúns de atención e intervención dentro da organización”.

O pasado mes de xullo foi presentado o PLAN DE HOSPITALIZACION A DOMICILIO DE GALICIA, como modelo de futuro, humanizando a atención dos nosos maiores e enfermos crónicos.

Este Plan estende a Hospitalización a domicilio, que se prestaba dende hai anos nas cidades galegas, a toda a poboación, coordinando atención primaria e hospitalaria, e permitindo un acceso equitativo para as persoas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Como se está a desenvolver o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio?



Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:45:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:46:15**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:46:30**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:46:44**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:47:00**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:47:13**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:47:21**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:47:40**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:47:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, establece os dereitos das persoas con necesidades de coidados paliativos en fase terminal.

O Conselleiro de Sanidade xa informou en sesión Plenaria sobre a realización dun estudo cualitativo con grupos de pacientes en coidados paliativos, familiares e persoal sanitario, para obter información de primeira man acerca das actitudes e percepcións que os diferentes grupos de interese puidesen ter sobre o Plan de Coidados Paliativos vixente.

Os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos segundo a súas necesidades, tanto nas unidades de Paliativos, nos distintos servizos de Hospitalización, ou na Atención Primaria, con profesionais preparados para esa atención.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que grao de desenvolvemento ten a Lei de Garantía das Persoas Enfermas Terminais, e que resultados pode facilitar da aplicación da mesma?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:51:28**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:51:56**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:52:16**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:52:44**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:52:54**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:53:22**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 12:53:33**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 12:53:53**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 12:54:09**





## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Coa a aprobación da Lei 1/2018, de 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, por primeira vez unha norma con rango de lei blindada a existencia dos hospitais comarcais coa creación dos Distritos Sanitarios.

A nova Lei de Saúde busca a mellora do servizo sanitario cun especial interese en chegar cada vez máis os servizos aos cidadáns, o paciente recibe unha atención máis próxima ao seu domicilio. Ademais garante e potencia os servizos e especialidades a nivel comarcal.

As deputadas e deputados do Grupo Popular coñecemos o traballo feito desde o Goberno Galego para acadar unha atención dos pacientes no lugar máis próximo ao seu punto de residencia, o que implicou unha aposta decidida polos hospitais comarcais e polos seus servizos, e por suposto no Hospital de Verín, garantindo sempre a efectividade, a calidade e a seguridade das actuacións, e velando pola equidade no acceso da cidadanía a todas as prestacións asistenciais, independentemente do seu lugar de residencia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión.

Contempla o Goberno Galego algunha previsión de actuacións de mellora no Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

### **Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 12:58:09**

**Carlos Gómez Salgado na data 09/01/2020 12:58:33**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 12:58:43**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 12:59:00**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 12:59:12**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 12:59:28**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 12:59:54**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 13:00:04**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 13:00:24**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 13:00:43**



## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado 16 de maio de 2019, fai uns meses, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, un Plan que, segundo se indica, fundaméntase nos valores que definen as actuacións do Servizo Galego de Saúde desde a súa creación: unha aposta firme polas persoas (profesionais e pacientes), a humanización no trato, a promoción da saúde e prevención da enfermidade, a educación sanitaria, a asistencia sanitaria e o traballo comunitario, cunha aposta pola sostibilidade dun modelo asistencial que debe manterse para o futuro.

Os avances na atención primaria, nos últimos anos, foron moi significativos e melloraron a accesibilidade do cidadán ao sistema: a historia clínica electrónica – IANUS, a receita electrónica que, ademais de evitar desprazamentos, permite pautar tratamentos a medio prazo; a consulta telefónica, un dos servizos mellor valorados polos pacientes e que evita citas presenciais cando non son necesarias, o programa “Conecta 72” que permite a continuidade de coidados dende Atención Primaria dos pacientes dados de alta no hospital, ou a plataforma É-Saúde, unha ferramenta do Servizo Galego de Saúde de comunicación co cidadán, que é accesible desde calquera lugar e dispositivo (ordenador, móbil, tablet...) e que permite o acceso a servizos e contidos de saúde personalizados.

A poboación de Galicia está entre as máis lonxevas do mundo, cunha esperanza de vida, ao nacer, superior aos 83 anos, e un incremento duns 3,3 anos nos últimos 15 anos.

Ademais o 25 % da nosa poboación supera os 65 anos. Un envellecemento que, segundo indican as proxeccións, continuará aumentando nos próximos anos de forma moi acusada. Esa é a realidade para a que debe traballar o Sergas cara os próximos anos.



Por todo iso pareceu un acerto a aprobación deste Plan, que recollía 7 liñas estratéxicas nas que se contiñan 52 obxectivos e 200 medidas concretas para acadalas, desas, 80 a curto prazo.

De acordo con isto, neste momento e uns meses despois da aprobación deste Plan, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pode o Goberno da Xunta de Galicia facer un balance da situación das medidas postas en marcha do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 13:05:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 13:05:28**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 13:05:43**

**Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 13:05:53**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 13:06:08**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 13:07:06**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 13:07:15**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/01/2020 13:07:42**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 13:07:55**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa aos problemas de organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense no reinicio de actividade escolar en xaneiro de 2020.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de graves problemas de organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense no reinicio de actividade escolar en xaneiro de 2020.

Concretamente, no día 8 de xaneiro numerosos escolares que debían ser transportados até os seus centros escolares en Seixalbo (Ourense), Barbadás, Maceda ou Allariz sufriron diferentes incidencias que oscilaron entre a inexistencia do transporte, a súa demora ou a súa oferta sen adecuadas garantías de seguridade. Máis aínda, estes feitos aconteceron acompañados das baixas temperaturas propias dos horarios matinais no mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza emitiu un comunicado autoexculpatorio o mesmo 8 de xaneiro de 2020 responsabilizando da situación en exclusiva a un problema interno da empresa. Entendendo e lamentando as incidencias de índole humano que aconteceron na empresa, e entendendo que a posta en marcha dunha loxística de tal envergadura pode dar lugar a incidencias, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que as





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

explicacións dadas son insuficientes e que a transcendencia dos feitos amosa graves deficiencias desta posta en marcha do transporte escolar. Deficiencias imputábeis en última instancia á Xunta de Galiza, que é a administración responsábel de garantir este dereito dos nenos e nenas.

É inxustificábel que estes problemas continuaran no día 9 de xaneiro de 2020, segundo día do reinicio da actividade lectiva, como aconteceu no caso dos colexios aos que acoden nenos e nenas de Paderne de Allariz, que non tiveron transporte até pasadas as dez da mañá e que viron afectadas ata tres liñas.

Así mesmo, non é de recibo a forma de actuar diante destas continxencias e que por exemplo pais e nais denuncien como nenos e nenas que van habitualmente en dous buses foron nun, amoreados como gando e sen garantías de seguridade. Así mesmo, foi denunciada a falta de persoal de acompañamento e a falta de información da situación de nenos e nenas que en moitos casos tiveron que perder as súas clases.

Estes feitos poñen en evidencia que se fallou na planificación previa, que non hai capacidade de resposta inmediata e que todo o proceso de posta en marcha do Plan puxo de manifesto que as prásas, a precipitación, a falta de diálogo e de participación, e a falta de transparencia con que actuou a Xunta de Galiza só fixo traer problemas e continuamos sen un transporte adecuado para o século XXI.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza a súa actuación diante da situación de caos e inseguridade xerada no transporte escolar de varios centros de Ourense a comezos de xaneiro de 2020?

Que tipo de protocolos seguiu a Xunta de Galiza para actuar?

Contactou a Xunta de Galiza coas ANPAS e centros escolares para coñecer a situación?

Como explica que os problemas continuaran da mañá á tarde e do día 8 ao día 9?

É coñecedora a Xunta de Galiza dos graves problemas de seguridade que supuxeron o amoreamento de escolares? E a falta de persoal acompañante? Como explica esta situación?

Investigou ou vai investigar estes feitos? De que maneira? Con que conclusión?

Abriu algún tipo de expediente?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:11:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:11:09**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:11:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:11:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:11:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:11:36**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Nesta última década de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvolvidas pola Xunta. Nun claro desprezo cara aos servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a asinar máis de 200 microcontratos ao ano.

Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente ou nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. O exemplo recente do peche do paridoiro de Verín lanzando unha nova ameaza sobre os hospitais comarcais de toda Galicia.

Estas malas políticas afectaron tamén aos grandes hospitais, nos que nesta década se converteu en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema. No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, a década puxo de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e as entidades agrupadas na Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

Polo menos, desde o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no Hula. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde as urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais.

Os estudos médicos amosaron que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia das persoas doentes. É ademais unha medida custo-efectiva, xa que diminúe o tempo de estancia media destas persoas.



Cómpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente de ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade se vai reducindo, a súa incidencia aumentará nun 27 % no próximo cuarto de século.

A pesar destas cifras, e das reclamacións repetidas ao longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta. Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios.

No caso de Lugo, cumpre lembrar que o Hula non dispón sequera dun neurocirurxán de garda as 24 horas. Coa ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temperá e especializada neste tipo de doenza.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia dotar o HULA do servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas? Se for o caso, en que prazo?

2ª) Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se for o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para a creación desta unidade de ictus no HULA?

3ª) Vai a Xunta de Galicia desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/01/2020 12:09:36**





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/01/2020 12:09:49**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/01/2020 12:10:03**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 12:10:21**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 12:10:36**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo**, deputado e deputada do grupo parlamentar **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

O Portal da administración autonómica ven de dar a coñecer os datos de venda e facturación das lonxas galegas do pasado 2019, o resultado pode considerarse catastrófico.

Se durante o último ano tivemos que aturar que o único argumento na defensa da política pesqueira elaborada pola conselleira eran os datos de venda nas lonxas, cualificados incluso de extraordinarios por parte da máxima responsable da Consellería, hoxe o seu derrube é a demostración dos continuos erros na estratexia pesqueira do noso país. Compre mudar o rumbo para poder cambiar a dinámica de destrución de emprego e capacidade económica do noso sector do mar, que afronta un 2020 con enormes incerteza logo de ter superado un desastroso 2019.

É hora de facer balance, co obxectivo de coñecer os motivos que levaron ao sector a esta situación e adoptar as decisións que nos permitan superala .

As cifras non deixan lugar a dúbidas, estamos perante o peor ano en capturas dende 2005, e o peor en resultados económicos dende 2015, tal como se amosa na táboa extraída dos datos da propia consellería:



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 09/01/2020 13:48:21  
**Nº Rexistro: 61224**  
 Data envío: 09/01/2020 13:48:21.262

<b>Datos de pesca de Galicia de venda en lonxas</b>					
	Quilos	importe	IPC Galicia	Importe en termos reais	
<b>2019</b>	157.843.436,50	463.381.346,16			90,57667821
<b>2018</b>	174.264.987,00	491.736.115,00	103,81	473.706.452,66	74,17994794
<b>2017</b>	212.784.506,97	508.672.052,23	102,11	498.138.092,04	83,7690915
<b>2016</b>	188.426.821,48	491.454.102,61	100,00	491.453.693,07	87,49184677
<b>2015</b>	180.409.309,35	457.753.309,94	100,30	456.363.303,38	84,37748299
<b>2014</b>	187.068.197,48	431.959.960,60	101,02	427.582.936,61	96,65007284
<b>2013</b>	163.314.348,20	412.826.396,29	101,01	408.692.809,10	90,19875252
<b>2012</b>	174.995.143,60	440.467.356,08	99,53	442.526.950,26	86,0400472
<b>2011</b>	183.453.451,77	474.626.708,23	97,23	488.147.582,69	84,28575993
<b>2010</b>	187.271.772,40	457.815.565,27	94,05	486.767.696,58	80,64136038
<b>2009</b>	195.735.086,50	421.895.547,07	92,32	456.982.677,01	90,97314959
<b>2008</b>	173.505.520,26	450.865.837,71	92,86	485.509.357,95	91,6552449
<b>2007</b>	172.214.297,91	463.192.575,44	89,12	519.767.053,52	93,22394123
<b>2006</b>	169.316.416,38	432.687.836,11	86,98	497.435.728,67	97,56054379
<b>2005</b>	161.790.238,52	412.380.710,52	84,02	490.802.821,32	104,410377
<b>2004</b>	151.176.004,70	389.228.045,98	81,29	478.794.054,84	126,6907864
<b>2003</b>	124.589.515,10	334.643.319,66	78,92	424.031.669,00	123,3385761
<b>2002</b>	127.975.724,61	327.885.356,74	76,57	428.199.234,60	110,4745266
<b>2001</b>	142.877.676,30	354.890.786,90			



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Polo exposto as deputadas asinantes facemos as **seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- Que valoración fai a Consellería do Mar destes datos?
- Que medidas ten previsto implementar para superar esta situación?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 09/01/2020 13:46:11**

**Paula Quinteiro Araújo na data 09/01/2020 13:46:19**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de intervención da Xunta de Galiza para evitar impagos e perda de dereitos do Grupo Norte concesionaria da xestión do centro de chamadas do 061.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión do centro e chamadas do 061 está externalizado e é xestionado pola empresa “Grupo Norte”. O cadro de persoal está formado por arredor de 100 traballadores. Son as xestoras das urxencias extrahospitalarias que fan a interlocución entre as persoas demandantes e o 061, e entre este e os recursos mobilizados: atención das chamadas, recadar datos, triaxe, coa clasificación e traspaso da chamada, mobilización dos recursos precisos... Polo tanto pezas clave.

O comité de empresa convocou folga parcial o día 6 de xaneiro. O motivo son novos atrasos no cobro de salarios e impagos de complementos.

Segundo nos teñen manifestado os problemas no cobro das nóminas comezaron ao pouco de anunciar a empresa a súa intención de non continuar co servizo, que ven prestando en situación de prórroga forzosa mentres non se resolta o novo concurso.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A empresa tamén comunicou a intención de aplicar unha modificación substancial das condicións laborais, consistente en eliminar o “plus de destino” que se lle ven aboando ao cadro de persoal en compensación polo traslado do centro de traballo de Compostela á Estrada.

Estamos diante dun servizo esencial como é a coordinación das urxencias sanitarias extrahospitalarias de Galiza, polo que se fai preciso que a Xunta abandone a posición de non implicación e actúe para rematar con esta situación de inestabilidade e incerteza para o persoal, obrigue á empresa a sentarse a negociar cos traballadores e traballadoras.

Non se trata dun problema interno entre empresa e traballadores/as, senón dun servizo público esencial, que se paga cos impostos dos galegos e das galegas, no que a saúde e a vida das persoas está en xogo polo que a Xunta ten que implicarse.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza coa empresa concesionaria do servizo de atención de chamadas de emerxencias sanitarias, Grupo Norte, para que cumpra coas súas obrigas contractuais e garanta os dereitos do persoal?

2.- Ten realizado algunha xestión para facer efectiva a apertura dunha mesa de negociación que permita solucionar as cuestións laborais pendentes dende fai meses (garantir o cobro da totalidade dos salarios, manter o complemento de destino...) como demandan os traballadores?

3.- Contempla o novo concurso para a adxudicación do servizo partida económica suficiente para unha correcta dimensión do cadro de persoal?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.- Vai evitar realizar unha adxudicación á baixa, para que non repercuta como agora na presión sobre as traballadoras e os traballadores, na precarización das súas condicións laborais e polo tanto nun deterioro na prestación do servizo?

5.- Dadas as dificultades e precarización do cadro de persoal, que repercute na calidade do servizo, vai proceder ao rescate progresivo da externalización do servizo de coordinación do 061, e pasar a prestalo de xeito directo pola Xunta?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 17:24:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 17:24:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 17:24:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 17:24:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 17:24:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 17:25:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación da industria galega.

A situación da industria galega e do seu emprego é preocupante baixo todos os puntos de vista. Unha década de falta de política industrial deixa un balance negativo ao que se suman as crises de empresas como Lonía Textil, Isowat, Alcoa, Poligal e un longo etcétera.

Recentemente, o pasado 11 de setembro de 2019 tiñamos coñecemento dos últimos datos do Índice de Producción Industrial, referidos ao mes de xullo. Entre os datos, salienta que a produción industrial galega baixou en xullo novamente, xa por oitavo mes consecutivo. Neste informe coñecemos, entre outros datos, que Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en xullo de 2019 un retroceso do 0,1% con respecto ao ano anterior. Máis aínda, contrasta esta información co feito de que a nivel estatal rexistrouse un crecemento do 2,9%.

Este é un elemento máis que debe recibir unha atención e valoración específica por parte do goberno galego xunto coa análise do impacto no emprego, na creación de empresas e na evolución xeral da economía.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a situación da industria galega?

Considera o goberno galego que ten acertado coa súa política industrial?

Como avalía o goberno galego o impacto da lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza?

Como valora os datos do IPI?

Que vai facer o goberno galego para impulsar o emprego no sector industrial?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 17:52:09**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 17:52:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 17:52:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 17:52:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 17:52:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 17:52:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á existencia de prazas baldeiras na Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, en tanto hai moitas persoas en lista de espera.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Confederación Intersindical Galega (CIG) vén de denunciar a infrautilización da Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, dependente da Consellaría de Política Social. Denuncian que leva mais de 1 ano con baixísimos niveis de ocupación, tendo durante as datas deste pasado Nadal só 51 prazas ocupadas, dun total de 84. Polo tanto 33 prazas libre, mais de vinte habitacións dobres e individuais baldeiras.

Denuncian que a dirección do centro argumenta a existencia de prazas libres nunha orde da Consellaría de só aceptar persoas maiores de 75 anos e con grado 0 de necesidade de asistencia. Consideran que este é un requisito case imposible de cumprir, xa que as listas de solicitude para entrar nunha residencia son de persoas de idades a partir dos 60 anos, ou aínda menos, mais con todo tipo de grados de asistencia. Son moi escasas as persoas peticionarias que non teñen ningún grado de invalidez ou necesidade asistencial. Todo parece indicar que estes requisitos son creados artificialmente para





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

manter unha residencia como Porta do Camiño seme baldeira a pesares de ter unha moi importante lista de espera das máis grandes de Galiza.

Nesta Residencia de Porta do Camiño realizouse un importante investimento, para entre outras cuestións, eliminar barreiras arquitectónicas, dotar de espazo para enfermería e cuartos habilitados para acoller a persoas con necesidades asistenciais maiores que un grado 0. É das poucas que está dotada cun cadro de persoal suficiente, incluído persoal facultativo, de enfermería, auxiliar... xa que logo suficiente para atender a 84 persoas residentes.

Parécenos inxustificábel que se deixen sen ocupar estas cuartos, tendo en conta a longa lista de espera existente, en Galiza en xeral e nesta residencia en particular, salvo que o obxectivo sexa favorecer a ocupación de prazas en empresas privadas. Temos coñecemento da existencia de vivendas comunitarias de empresas privadas, nas que residen persoas que non dan acceso a prazas públicas e nas que hai escaso control da súa situación e da atención que se lle presta ás súas necesidades.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón de manter prazas baldeiras nas residencias de maiores da Xunta de Galiza, nomeadamente na Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, en tanto existan persoas demandantes en listas de espera?

Considera aceptábel manter prazas baldeiras tendo en conta o enorme déficit de prazas públicas existentes en Galiza de residencias para persoas maiores e dependentes?

Cantas persoas están en residencias privadas pagadas con fondos públicos?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que control se está realizando das vivendas comunitarias privadas?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 11:04:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 11:04:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 11:05:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 11:05:09**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 11:05:17**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 11:05:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A situación do servizo de urxencias do Complexo “Arquitecto Marcide” está a rexistrar nos últimos tempos situacións de verdadeiro colapso; que afectan a usuarias, acompañantes e tamén ao persoal que traballa no servizo.

Lembramos que no pasado ano rexistráronse varios episodios que tiveron coma resultado pacientes abandonados nos pasillos, carencia de camillas, etc.....; chegando a un punto álxido na tempada do verán por mor do peche de camas nesa época e tamén polo incremento de enfermos crónicos con problemas respiratorios.

Unha situación que obedece –segundo ratifica reiteradamente o persoal de atención sanitaria- á falta de espazo público e tamén a carencia de medios humanos; cuestións que as mesmas persoas recoñecen que non está claro que se vaia solventar coa ampliación prevista no Plan Director.

Estamos, pois, perante un problema estrutural que afecta ao propio deseño da política sanitaria e, nomeadamente, á carencia de persoal. Pénsese, por exemplo, que a espera para consultas nesta área sanitaria –que abarca 20 concellos e máis de 176.000 usuarias- é a máis elevada de toda Galiza.



Pois ben, esta situación volveu repetirse na pasada fin de semana; na que houbo varios festivos continuados. E, novamente, como resultado do incremento de persoas con doenzas crónicas, ficaron desbordados os servizos de urxencias, chegando mesmo a ocupar todas as camas correspondentes á planta de medicina preventiva e tamén na UCI.

Segundo acreditaron traballadoras do servizo, como resultado desta situación houbo que activar o denominado plan de continxencia, consistente na apertura da segunda planta do Hospital Naval (previsto para continxencias destas características) e tamén ao traslado de doentes ao hospital privado “Juan Cardona”, ubicado tamén na cidade de Ferrol. Unha situación que conleva –segundo manifestan representantes das traballadoras- a contratación de persoal eventual que, coma é ben sabido, é o que xa atura boa parte da atención sanitaria en datas coma o Nadal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- É coñecedora a Xunta das situacións de colapso que con carácter cíclico rexistra o servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol- “Arquitecto Marcide”, e dos prexuízos que derivan para doentes, acompañantes e persoal de atención sanitaria?

2.- Dispón o Goberno galego da información das razóns que motivaron o colapso que, especificamente, se rexistrou no servizo de urxencias do hospital entre os días 4 e 7 de Xaneiro, así como dos periódicos colapsos que se veñen rexistrando?

3.- Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para resolver estas situacións- que afectan a un amplísimo ámbito poboacional- no ámbito da mellora das infraestruturas sanitarias, organización e contratación de persoal?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 11:15:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 11:16:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 11:16:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 11:16:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 11:16:29**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 11:16:38**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nesta última década de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvolvidas pola Xunta. Nun claro desprezo cara aos servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a asinar máis de 200 microcontratos ao ano.

Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente ou nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. O exemplo recente do peche do paridoiro de Verín lanzando unha nova ameaza sobre os hospitais comarcais de toda Galicia.

Estas malas políticas afectaron tamén aos grandes hospitais, nos que nesta década se converteu en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema. No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, a década puxo de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e as entidades agrupadas na Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

Polo menos, desde o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no Hula. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde as urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais.

Os estudos médicos amosaron que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia das persoas doentes. É ademais unha medida custo-efectiva, xa que diminúe o tempo de estancia media destas persoas.



Cómpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente de ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade se vai reducindo, a súa incidencia aumentará nun 27 % no próximo cuarto de século.

A pesar destas cifras, e das reclamacións repetidas ao longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta. Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios.

No caso de Lugo, cumpre lembrar que o Hula non dispón sequera dun neurocirurxán de garda as 24 horas. Coa ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temperá e especializada neste tipo de doenza.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia dotar o HULA do servizo de garda de Neurocirurxía de 24 horas? Se for o caso, en que prazo?

2ª) Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se for o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para a creación desta unidade de ictus no HULA?

3ª) Vai a Xunta de Galicia desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**





**Patricia Otero Rodríguez na data 09/01/2020 12:11:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/01/2020 12:11:17**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/01/2020 12:11:29**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 12:11:45**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 12:11:58**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para revertir a situación do deterioro do sistema público de pensións.

As pensións son un dereito conquistado polo movemento obreiro a base de mobilizacións, folgas, represión e incluso cadea.

As medidas legislativas aprobados e implantadas nos últimos 10 anos supuxeron un retroceso nos dereitos laborais e sociais e como consecuencia foise configurando unha realidade de precariedade, desigualdades e inxustiza.

Mentres a produtividade do traballo, a riqueza segue aumentando, constátase que, ao contrario do que viña acontecendo, as xeracións futuras perderán dereitos e poder adquisitivo con respecto ás anteriores ao chegar á xubilación

As pensións galegas son as segundas máis baixas do Estado, máis da metade son inferiores a 706,6 euros, a pensión media dunha muller galega é case 300 euros menor ca pensión dun galego e das persoas con pensións máis baixas, máis do 60% son mulleres.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

destino aos mercados financeiros globais, un dato que avala esta afirmación é que no 2009 o número de pensións privadas era de 3,5 millóns de euros e na actualidade xa superan os 8 millóns.

É polo tanto preciso revertir esta situación, tomar medidas para a implantación dun mercado laboral forte, con salarios xustos e emprego estábel, para poder garantir os recursos suficientes para o sistema público de pensións e ao tempo tomar as decisións lexislativas precisas.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas en Galiza?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da contía das pensións en Galiza?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para revertir a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 12:28:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 12:31:39**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 12:31:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 12:31:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 12:32:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 12:32:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 165.308 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Respecto ao emprego autónomo, bandeira que o Partido Popular ten empregado como saída do desemprego, ten hipotecado en moitos casos a galegos e galegas en negocios que no pasaron do segundo ano.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social, ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cando vai a presentar o Goberno galego a Lei integral de emprego de Galicia que tanto tempo leva anunciando?
- Cales son as medidas que o Goberno galego está levando a cabo para combater a precariedade laboral?
- Cales son as medidas que o Goberno galego está levando a cabo para a redución do desemprego en Galicia?
- Que pensa facer o Goberno galego ante a evidencia do fracaso das políticas de autoemprego?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2020 13:02:59  
Nº Rexistro: 61189  
Data envío: 09/01/2020 13:02:59.510

**Eva Solla Fernández na data 09/01/2020 12:54:17**

CSV: BOPGDSPGNs/AtkEPe2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á recuperación das pías bautismais de San Xián de Moirame roubadas pola familia Franco.

Aproximadamente no ano 1960, Carmen Polo visitou a igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía) e interesouse por días pías bautismais de grande valor histórico-artístico que estaban no patio da casa reitoral. Pediu as días pías para levalas ao pazo de Meirás e ordenoulle ao párroco don José Barrientos, que obtivera os correspondentes permisos. Ao día seguinte, desprazouse ao lugar un camiión para recoller as citadas pías, sen que se tramitase ningún permiso para o traslado.

O cura párroco de Moraime, José Barrientos, púxose inmediatamente en contacto por escrito co arcebispado, comunicando o acontecido. Posteriormente foi chamado polo vicario da diocese e decidiron non reclamar naquel momento as pías, dada a posición da persoa que se apropiara delas.

O 3 de setembro de 1980, D José Barrientos comparece diante do notario de Vimianzo para deixar constancia destes feitos. Nesa mesma data comparece tamén D Celso Alcaina Canosa, natural de San Xián de Moraime, sacerdote e avogado, quen manifesta “Que coñece as circunstancias expostas por referencias de D José Barrientos e doutras persoas”.



Desde esa data, o sr Celso Alcaina fixo xestións diante do goberno central e da Xunta de Galiza mais sen obter ningún resultado. En 2010, o alcalde de Muxía, a petición de Celso Alcaina, enviou unha carta á Xunta solicitando que se adoptasen as medidas necesarias para a recuperación das pías, mais non tivo resposta. Nese escrito, adxuntou a acta notarial de 1980.

Aínda que a igrexa de Moraime é Ben de Interese Cultural, a Xunta manifestou en 2017 que non lle corresponde reclamar as pías: “A igrexa de San Xián de Moraime é propiedade da Igrexa. Polo tanto, quen debe reclamar son os titulares do ben”. Nese mesmo ano, o Arcebispado de Santiago manifestou que “estudiará o asunto”, examinando “a documentación que poida existir procedente da parroquia”.

Dada a condición de Ben de Interese Cultural e de ben de dominio público da igrexa románica de San Xián de Moraime, a Xunta de Galiza ten a obriga de velar pola súa conservación, protección, salvagarda e seguridade. Ademais, desde 1985 existe unha comisión mixta Xunta-Igrexa católica que ten entre as súas funcións:

Actuar como órgano de asesoramento da consellería competente en materia de patrimonio cultural, para a protección, conservación, fomento e difusión do patrimonio cultural de Galicia nas cuestións que afecten exclusivamente bens de titularidade da Igrexa Católica que teñan valor cultural.

Malia esta obriga compartida de conservar e protexer os bens de titularidade da Igrexa católica, ningunha das dúas institucións adoptou medidas encamiñadas a conseguir a recuperación destes obxectos de extraordinario valor cultural.

Diante desta situación de pasividade e connivencia da Xunta e da Igrexa co roubo de dúas pezas que forman parte dun Ben de Interese Cultural, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza en relación coa recuperación das pías bautismais da igrexa románica de San Xián de Moraime, das que se apropiou de maneira irregular a familia Franco?

-Por que non respondeu o goberno galego ao escrito enviado en 2010 polo alcalde de Muxía no que demandaba tomar as medidas necesarias para recuperar as pías?

-Fixo algunha xestión a Xunta de Galiza ante o arcebispado de Santiago, ben directamente ou através da comisión mixta Xunta de Galiza-Igrexa católica, para interesarse pola reclamación e recuperación dos citados bens?

-Dada a condición de Bens de Interese Cultural e bens de dominio público, considérase a Xunta de Galiza lexitimada e obrigada a xestionar a recuperación das pías bautismais de Moraime?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:00:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:01:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:01:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:01:18**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:01:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:01:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos problemas de organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense no reinicio de actividade escolar en xaneiro de 2020.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de graves problemas de organización e seguridade do transporte escolar de varios centros de Ourense no reinicio de actividade escolar en xaneiro de 2020.

Concretamente, no día 8 de xaneiro numerosos escolares que debían ser transportados até os seus centros escolares en Seixalbo (Ourense), Barbadás, Maceda ou Allariz sufriron diferentes incidencias que oscilaron entre a inexistencia do transporte, a súa demora ou a súa oferta sen adecuadas garantías de seguridade. Máis aínda, estes feitos aconteceron acompañados das baixas temperaturas propias dos horarios matinais no mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza emitiu un comunicado autoexculpatorio o mesmo 8 de xaneiro de 2020 responsabilizando da situación en exclusiva a un problema interno da empresa. Entendendo e lamentando as incidencias de índole humano que aconteceron na empresa, e entendendo que a posta en marcha dunha loxística de tal envergadura pode dar lugar a incidencias, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que as explicacións dadas son insuficientes e que a transcendencia dos feitos amosa graves





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

deficiencias desta posta en marcha do transporte escolar. Deficiencias imputábeis en última instancia á Xunta de Galiza, que é a administración responsábel de garantir este dereito dos nenos e nenas.

É inxustificábel que estes problemas continuaran no día 9 de xaneiro de 2020, segundo día do reinicio da actividade lectiva, como aconteceu no caso dos colexios aos que acoden nenos e nenas de Paderne de Allariz, que non tiveron transporte até pasadas as dez da mañá e que viron afectadas ata tres liñas.

Así mesmo, non é de recibo a forma de actuar diante destas continxencias e que por exemplo pais e nais denunciaren como nenos e nenas que van habitualmente en dous buses foron nun, amoreados como gando e sen garantías de seguridade. Así mesmo, foi denunciada a falta de persoal de acompañamento e a falta de información da situación de nenos e nenas que en moitos casos tiveron que perder as súas clases.

Estes feitos poñen en evidencia que se fallou na planificación previa, que non hai capacidade de resposta inmediata e que todo o proceso de posta en marcha do Plan puxo de manifesto que as présas, a precipitación, a falta de diálogo e de participación, e a falta de transparencia con que actuou a Xunta de Galiza só fixo traer problemas e continuamos sen un transporte adecuado para o século XXI.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora a Xunta de Galiza a súa actuación diante da situación de caos e inseguridade xerada no transporte escolar de varios centros de Ourense a comezos de xaneiro de 2020?

Que tipo de protocolos seguiu a Xunta de Galiza para actuar?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Contactou a Xunta de Galiza coas ANPAS e centros escolares para coñecer a situación?

Como explica que os problemas continuaran da mañá á tarde e do día 8 ao día 9?

É coñecedora a Xunta de Galiza dos graves problemas de seguridade que supuxeron o amoreamento de escolares? E a falta de persoal acompañante? Como explica esta situación?

Investigou ou vai investigar estes feitos? De que maneira? Con que conclusión?

Abriu algún tipo de expediente?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:14:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:15:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:15:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:15:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:15:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:15:58**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**

A estación de autobuses de Vilalba será substituída por unhas marquesiñas ou parada de bus, por un importe duns 40.000 euros.

Por tras desta decisión da Xunta está a redución de servizos de transporte no medio rural e vilas medias, pois ten indicado a Xunta que o servizo en dita estación non chega á trintena de persoas usuarias ao día.

A de Vilalba é así a única estación de autobús das vilas e cidades da provincia de Lugo que non será mellorada, a pesares de ser unha das máis abandonadas. A xestión do espazo fora cedida á empresa de transporte Arriva, á que a Xunta non pediu contas pola falta de mantemento.

O edificio da estación precisaría unha reforma –escuridade, abandono, etc–, unido ao feito de que se utiliza o entorno como aparcadoiro, e, sobre todo, un reforzo na frecuencia das liñas de transporte.

Por outra parte, a Xunta anunciou unha posible cesión do edificio ao Concello de Vilalba.

Hai que lembrar que a Primeira Fase do Plan de Transporte Público de Galiza, en relación a Vilalba, distintas parroquias do Concello (San Simón da Costa, Samarugo, Lanzós, Goiriz e Corvelle) empeoraron as súas comunicacións. En canto a rutas longas, só hai parada en Vilalba da liña A Coruña-Lugo. A redución de medios de transporte público no rural incide no seu despoboamento; é intolerable que non haxa posibilidades regulares de achegarse en bus a Santiago, salvo os domingos pola tarde, algo esencial para a mocidade que estuda na



Universidade e que, en cambio, a Xunta potencie o Xacobús –Vilalba tamén é punto do Camiño de Santiago-, deixando totalmente de lado á cidadanía.

Nun contexto de cambio climático é esencial apostar polo transporte colectivo, pero a Xunta deixa comarcas enteiras, como a Terra Cha, sen vertebrar nin conectar neste sentido.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

- Vai a Xunta aumentar as frecuencias das liñas de transporte de viaxeiros/as por estrada na comarca da Terra Cha e as paradas en Vilalba?
- Por que a Xunta prefire construír unhas marquesiñas en lugar de adecentar a Estación de Autobuses de Vilalba para cumprir a finalidade para a que foi construída?
- Como vai ser dito proxecto de marquesiñas exteriores? Inclúe a colocación de baños públicos?
- Vai a Xunta ceder o edificio da estación ao Concello de Vilalba?
- Vai achegar fondos para dotar este edificio de novos usos? Cantos e cales?
- Considera suficiente o número de liñas e paradas que o Plan de Transporte da Xunta contempla para Vilalba?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.







**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 09/01/2020 13:27:20**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, comunícalle os cambios efectuados nas seguintes comisións parlamentarias:

### **Comisión 1ª: Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Alta: Prado Patiño, Jesús Miguel

### **Deputación Permanente. Membros titulares**

Alta: Trénor López, Gonzalo

### **Deputación Permanente. Membros suplentes**

Baixa: Trénor López, Gonzalo

Alta: Prado Patiño, Jesús Miguel

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/01/2020 13:42:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

